



# XIII CONGRESO DO PCG

Vigo, 4 de outubro de 2014

## NORMAS E DOCUMENTOS

construíndo

**REPÚBLICA**

creando

**PODER POPULAR**



# **NORMAS E CONVOCATORIA DO XIII CONGRESO DO PCG**

O XIX Congreso do PCE celebrouse en Madrid os días 15, 16 e 17 de novembro de 2013. En consecuencia, o Comité Central do PCG, convoca o XIII Congreso do Partido Comunista de Galicia. Co mesmo carácter celebráranse Congresos en todos os ámbitos, garantindo o desenvolvemento das dúas fases. Unha, xa realizada, para o debate de relatorios do Congreso do PCE e elección de delegados e delegadas. A segunda, para o debate da política do PCG e elección dos órganos.

A partir da aprobación destas Normas, o Comité Central garantirá a máxima organicidade en todo o proceso congresual, velando polo cumprimento de todos os prazos establecidos e asegurando a limpeza democrática e a transparencia desde as Agrupacións ao Congreso do PCG.

## **1 CALENDARIO DO PROCESO CONGRESUAL DO PCG**

### **XIII Congreso**

#### ***12 de xuño de 2014.***

Convocatoria do Comité Central para aprobar datas e normas

#### ***Entre o 12 de xuño e o 30 de agosto de 2014***

Xuntanza da Comisión redactora de documentos

#### ***6 de setembro de 2014***

Convocatoria de Comité Central do PCG para aprobar os documentos

#### ***Do 6 de setembro ao 26 de setembro de 2014***

Data límite de celebración de asembleas comarcais e elección de delegados e delegadas ao XIII Congreso.

#### ***Ate o 26 de setembro de 2014***

Data límite de recepción de emendas e listaxes de delegados e delegadas na Secretaría de Organización do Comité Central do PCG.

As emendas e as listaxes deben estar en formato dixital e enviáranse ao correo electrónico da mencionada Secretaría:

[organización@pcgalicia.org](mailto:organización@pcgalicia.org)

## 2 DELEGADAS E DELEGADOS. COMPOSICIÓN DO XIII CONGRESO DO PCG

2.1 O censo do PCG, publicado pola DAR do PCE a data do 15 de setembro de 2014, será segundo o cal se fará a repartición de delegados/as a todos os niveis, tendo en conta o número de activos correntes a esa data e comunicarse ás Direccións Comarcais.

2.2 Elección de delegadas e delegados para o XIII Congreso do PCG.

a) Delegados e delegadas natos: 10. As e os compoñentes do Comité Executivo. Segundo o establecido no punto 3.3.2.1 das normas ao XIX Congreso e o artigo 60.2 dos vixentes Estatutos federais, o número de natos non pode exceder o 10% do total.

Delegadas e delegados elixidas e elixidos: 100.

A XCG participará cunha delegación de 5 (CINCO) delegados/as.

O Congreso comporano 115 delegadas e delegados.

2.3 As organizacións provinciais elixirán as delegadas e delegados segundo os criterios de máxima participación e información.

2.4 Cada delegación comarcal, así como a XCG, procurarán unha composición paritaria das mesmas.

2.5 Co obxectivo de cubrir as ausencias que se poidan producir de forma justificadas de delegadas e delegados electos, en cada nivel elixirase un número suficiente de suplentes, a condición de que cumpran o establecido no punto 3.3.7 das Normas do XIX Congreso.

2.6 Reparto de delegados e delegadas

COMARCA	% AFILIADOS	INVITADOS	DELEGADOS A ELEXIR
CORUÑA	13,77	2	14
FERROL	25,10	3	25
COMPOSTELA	4,45	1	4
BARBANZA	2,02	1	2
LUGO	4,45	1	4
OURENSE	12,96	2	13
PONTEVEDRA	3,64	1	4
VIGO	25,51	3	26
AROUSA	8,10	1	8
totais	100	15	100
		XCG	5
		NATOS C.E.	10
		DELEGADOS TOTALES	115

## **4 DOCUMENTOS A DEBATE**

- Informe de xestión do Comité Federal saínte
- Teses políticas
- Propostas Organizativas e Financeiras
- Proposta de Estatutos

## **5 DEBATE DOS DOCUMENTOS**

O debate dos documentos debe facerse, co maior grao de transparencia, tanto cara ao interior do Partido, como cara á sociedade e medios de comunicación. O proceso de debate debe significar unha gran mobilización do conxunto do noso Partido.

A adopción de medidas que favorezan a participación, son fundamentais para a celebración do Congreso e garantías de que este expresa a opinión de toda a organización.

## **6 DELEGACIÓNS**

Cada Comarca constituirase en Delegación, así como a XCG.

Cada Delegación elixirá unha ou un portavoz e unha ou un representante na comisión de credenciais. Os e as delegados e delegadas serán distribuídos/as equitativamente entre as diferentes comisións de traballo do Congreso.

## **7 INVITACIÓNS**

O Comité Central do PCG poderá convidar con voz e sen voto, a afiliados, afiliadas e simpatizantes que polo interese das súas tarefas considérese conveniente a súa asistencia. O número destas invitacións non será superior ao 10% da composición elixida ao XIII Congreso.

## **8 DISPOSICIÓNS FINAIS**

Aos efectos de participación e fixación do número de delegadas e delegados para o proceso congresual nos distintos niveis, terase en conta o censo de Activos Correntes publicado pola DAR do PCE a data do 15 de setembro do 2014.

A XCG, participará no XIII Congreso do PCG cunha representación de 5 (CINCO) delegadas e delegados. Para a súa elección e participación teranse en conta os criterios xa establecidos neste documento.

Nos Congresos das distintas organizacións comarcais e XCG, elaborarase unha Acta que reflectirá e achegará as emendas e resolucións, así como a relación de delegadas e delegados titulares e suplentes electos.

A Acta deberá ir asinada por tres membros da mesa. As Actas remitiranse ao Comité Central do PCG, Secretaría de Organización, acompañando as emendas e as listaxes de delegados/as elixidos.

A Comisión de Credenciais estará integrada por tres membros do Comité Executivo saínte, e un por delegación. O Comité Central convocado para o 6 de setembro aprobará a proposta de:

- *Mesa do Congreso*
- *Composición dos órganos que debe elixir o Congreso*
- *Regulamento e horario do Congreso*

A Comisión Permanente resolverá os conflitos que se poidan suscitar durante o proceso congresual.

## **9 SOBRE AS EMENDAS**

Do resultado dos debates nos Congresos Comarcais así como o da XCG, elaboraranse emendas, propostas e resolucións que pasarán ao nivel organizativo seguinte por acordo maioritario. As minoritarias pasarán como tales sempre que obteñan un 25% dos votos. Para pasar ao debate nacional, estas deberán obter un mínimo do 35% dos votos nas conferencias ou congreso da federación.

Entenderanse por emendas aquelas propostas que se expoñen como alternativa á totalidade, ou a partes substanciais dalgúns dos epígrafes.

Aquelas que sexan de redacción, que afecten a signos de puntuación, palabras ou frases, serán consideradas achegas que se trasladarán aos/as relatores dos documentos pero non serán tidas en conta para o seu debate no Congreso.

As presentes Normas non poderán en ningún caso ir en contra do establecido nas Normas congresuais do PCE. Nos aspectos non regulados ou especificados nas presentes Normas, será de aplicación as Normas do XIX Congreso do PCE.

# **TESES POLÍTICAS XIII CONGRESO DO PCG**

1. DENDE MAASTRICH Á CRISE DO CAPITALISMO ESPAÑOL
2. A TAREFA IDEOLÓXICA DO PCG
3. O ESGOTAMENTO DO MODELO POLÍTICO ACTUAL. A PROPOSTA DO PCG PARA O PROCESO CONSTITUÍNTE
4. A FORMACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL EN GALICIA
5. O MOVEMENTO OBREIRO E A ESTRATEXIA SINDICAL DO PCG
6. O PCG E A XC
7. IGUALDADE DENTRO E FORA DO PCG

## 1 DENE MAASTRICH Á CRISE DO CAPITALISMO

Se hai algo que reiteradamente o PCG ven manifestado como evidente é que o esquema socioeconómico do neoliberalismo materializouse normativamente en Europa co Tratado de Maastricht -o remedo europeo do consenso de Washington- e a súa aprobación puxo os cimentos dunha Unión Europea dos mercaderes que renunciou á universalización dos dereitos laborais e sociais, a unha unión centrada na cidadanía e non nos mercados financeiros. Daqueles pos, estes lodos.

A primeira década do século XXI ten constituído un expolio sen precedentes dos recursos do Estado por parte de determinados sectores políticos, económicos e empresariais, en moitos casos cos fondos provintes de Europa.

Comezando polos desorbitantes resultados económicos (en ocasións mediante enxeñería financeira) presentados pola banca e as principais empresas ano tras ano, con inxentes beneficios que, en lugar de repercutir na economía produtiva, diluíronse na especulación financeira e fundamentalmente na especulación inmobiliaria, cuxos activos terminarían anos despois no "banco malo" ou Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria (SAREB).

En contra da mensaxe oficial, a crise acentúase e profundízase pola reiteración de ditas políticas, e as súas consecuencias directas serán o aumento do paro, a pobreza, a marxinalidade e a precariedade laboral. Amparándose na crise que xeraron, entregan o diñeiro público para financiar a súa propia débeda, e ao mesmo tempo recortan o gasto e o investimento precarizando os servizos públicos e abrindo a porta á privatización definitiva dos seus alicerces máis esenciais: a sanidade, a educación e os servizos sociais son o bocado máis apetitoso para un sector financeiro que sempre os desexou e cuxa privatización xa se contempla no denominado consenso de Washington en 1989.

A maioría social continúa sufrindo as consecuencias devastadoras da aplicación das políticas neoliberales implementadas nos últimos anos. E lonxe de ceder, os seus responsables decidiron aproveitar a crise xerada por eles mesmos para acentuar ditas políticas, impoñer cambios estruturais impensables noutro contexto e estender o seu dominio económico, social e cultural terminando definitivamente cos servizos públicos, o estado de dereito e o medio ambiente para seguir garantindo o proceso de acumulación do gran capital. Feitos que poñen de manifesto a evidente centralidade da contradición capital-traballo e do discurso de clase na análise política.

E o mantemento do bipartidismo é, xunto á sucesión dinástica, un dos obxectivos do gran Pacto de Estado que se está fraguando para a chamada Segunda transición, e que inclúe unha restructuración profunda do sistema socioeconómico. Un Pacto de Estado que contempla a sucesión do trono e unha especie de lei de punto final que peche filas para eludir responsabilidades e salvar o réxime. Como sinala o informe do Comité Federal, "o PCE non estará en ningún Pacto de Estado que sirva para manter o sistema causante desta crise, o noso único pacto é coa maioría social traballadora no obxectivo da transformación social e a loita pola III República como marco institucional no que mellor desenvolver o noso programa político".

O resultado das eleccións europeas cobran especial relevancia no actual contexto de crise por varias razóns. En primeiro lugar, pola posibilidade real de abrir unha grande fenda ao bipartidismo. Se nalgún eido tivo unha especial proxección a sombra do bipartidismo foi no ámbito europeo onde, en nome do interese xeral, PP e PSOE consensuaron e votaron conxuntamente as políticas máis lesivas para os intereses dos traballadores e traballadoras; aquelas que despois implementaron os seus diferentes gobernos, tanto no ámbito central como no autonómico e local. O afundimento electoral do PP e PSOE, e a implosión electoral dunha gran coalición estatal en

1 torno a un programa alternativo, poden supoñer o inicio dun importante envorco coa vista posta  
2 en vindeiras citas electorais e un aviso serio para disputarlle o poder ao bipartidismo.

3 Fronte á Europa dos mercaderes é urxente e necesario un proxecto de Unión Europea baseado na  
4 colaboración e a complementación política, social e económica, poñendo énfase na loita urxente  
5 contra a pobreza e a exclusión social. Un modelo baseado na solidariedade interterritorial, a  
6 universalización dos dereitos fundamentais e a soberanía dos pobos que compoñen a UE,  
7 renunciando ao papel da Europa potencia e á inxerencia militar como instrumento.

8 O PCG acentuará a súa participación activa na campaña pola dimisión dos gobernos central e  
9 autonómico e a convocatoria de eleccións anticipadas, con máis de seis millóns de razóns: os  
10 desempregados e desempregadas que son vítimas da corrupción sistémica do capitalismo. Neste  
11 sentido, sinalar que o caso Bárcenas pon ao descuberto o maior escándalo de corrupción da  
12 historia e indica que o financiamento ilegal do PP ten Galicia como epicentro; unha sospeita de  
13 vello alcance confirmada agora pola declaración da súa extesorero en sé xudicial.

## 14 **2. A TAREFA IDEOLÓXICA DO PCG**

15 Cando o Partido Comunista decidiu renunciar á intervención directa en procesos electorais e  
16 propiciou a creación de Esquerda Unida, a decisión tiña dúas motivacións posibles, que despois se  
17 puxeron de manifesto en posicións encontradas dificilmente compatibles.

18 Por unha parte estaban os que consideraban necesario o lanzamento dun gran movemento político  
19 e social que permitise a incorporación á nosa estratexia emancipadora dos que, sen considerarse  
20 socialistas, coincidían obxectivamente connosco na necesidade dunha democracia diferente, logo  
21 de que o PSOE comezase a mostrar a súa verdadeira cara de falso contrapeso aos herdeiros de  
22 Franco.

23 Por outro lado, sen negar o anterior, outra parte da organización entendía que a nosa mera  
24 continuidade como Partido Comunista era un lastre para as nosas políticas, nun momento de  
25 disolución do socialismo nos países do leste europeo.

26 E aínda había os que, dentro e fóra, vían en Esquerda Unida un simple submarino manipulable,  
27 novo envoltorio oportunista para unha vella mercadoría...

28 O anticomunismo latente en gran parte da sociedade producía o seguinte paradoxo: sen o motor  
29 ideolóxico e a experiencia organizativa do Partido, calquera movemento emancipador corría o  
30 perigo de ser absorbido polo sistema, pero a presenza do partido freaba o movemento, dado o  
31 anticomunismo inoculado por décadas e renacido coa Perestroika e a propaganda posterior á  
32 "caída" do muro"... e "do comunismo".

33 Por iso moitos pensaron en liquidar o partido, disolvéndoo no seo de Esquerda Unida. Onde non se  
34 fixo algo parecido, como en Italia e en moitos países ex socialistas, renunciaron non só ao nome  
35 senón ás metas, co deplorable resultado coñecido, recaendo no falso reformismo socialdemócrata  
36 precisamente cando este se mostraba en franco declive.

37 Entre unha causa e os seus efectos sempre hai certo atraso, e na sociedade a inercia mental ante  
38 situacións herdadas impide a moitos percibir o sentido dos cambios. O comunismo era presentado  
39 como un sistema fracasado, e así percibíao o imaxinario colectivo, cando precisamente comezaba a  
40 ser máis necesario. Porque o modelo capitalista empezaba a estar esgotado, e o fracaso do modelo  
41 soviético era unicamente o primeiro síntoma de que a fase de crecemento desorbitado concluía.



1 O "estado de benestar", resposta keynesiana ao socialismo soviético, só era posible co crecemento  
2 continuado da produción. A guerra fíxoo factible pola necesidade de reconstruír Europa, co Estado  
3 como motor. O crecemento sen límite é inviable, e unha boa guerra é a saída habitual ás grandes  
4 crises.

5 A Guerra Fría foi a última gran confrontación imperialista, baseada en superar o rival crecendo máis  
6 ca el. Os países occidentais dispoñían de colonias que despoixar, e o bloque soviético non puido  
7 competir nesta vía de crecemento sen fin. Occidente, coa súa explotación colonial, levaba as de  
8 gañar na carreira do crecemento, e gañou.

9 Con esa forte expansión puido funcionar a "teoría do goteo", aínda que soamente nos países  
10 centrais. Segundo esta teoría, a prosperidade da burguesía desbórdase e derrama sobre toda a  
11 sociedade. Pero está máis que demostrado que sen un crecemento continuado non funciona. Para  
12 que non aumente o desemprego, dados os continuos aumentos de produtividade, hai que crecer  
13 un imposible 3% anual. Ademais de que iso xa é insostible, sen o contrapeso soviético o forzado  
14 estado de benestar fíxose superfluo.

15 Contrariamente a un tópico moi estendido, o pensamento marxista non comunga co crecemento a  
16 toda costa. Marx coñecía moi ben as limitacións do planeta e do ser humano que impiden o  
17 crecemento infinito das forzas produtivas. Aínda que no seu tempo esas limitacións se vían  
18 afastadas, e agora xa están aquí.

19 Pero isto víase vir. Á metáfora marxiana de que as revolucións son as locomotoras da historia, fai xa  
20 tres cuartos de século que Walter Benjamin engadía que a revolución debería ser máis ben o freo  
21 de emerxencia. E o Club de Roma fixo unha seria advertencia xa en 1972 no seu famoso informe,  
22 que os feitos confirmaron punto por punto.

23 Os feitos mostran con moita claridade que o capitalismo, coa súa busca da acumulación a toda  
24 costa, é incompatible coa vida humana e co planeta que coñecemos.

25 Por iso xa non abonda con apelacións ao reformismo ou a unha revolución que siga a senda  
26 anterior. É necesario un cambio completo do modelo, e con el unha transformación radical das  
27 mentes. Porque aínda que a xente non queira oílo, o camiño anterior conduce ningunha parte.

28 A loita ideolóxica radicalmente anticapitalista pasa ao primeiro plano como a necesidade máis  
29 urxente. Non se trata de pelexar pola defensa imposible dos postos de traballo nas periclitadas  
30 actividades existentes, nin dunha volta ao vello estado de benestar (de medio estar, pódese dicir  
31 para o noso país).

32 A acumulación actual xa non é posible se non é a costa esquilmar a natureza ata o esgotamento e  
33 de explotar ata o esgotamento aos seres humanos. É a "acumulación por desposesión" da que fala  
34 David Harvey.

35 Agora non habemos de loitar pola volta ao crecemento, senón pola igualdade radical de todas as  
36 persoas. Non loitar pola defensa do beneficio do capital, senón pola satisfacción das necesidades  
37 de todos, empezando polas máis básicas.

38 A nosa visión ten que ser moito máis radical, e ademais de apoiarse na defensa do público, dar un  
39 paso máis alá e defender o común. En definitiva, son moitas as cousas que unha sociedade viable  
40 terá que facer e gozar en común. E iso, aínda que nos dixesen outra cousa, é comunismo.

1 Ese é o noso papel fundamental como partido: a loita ideolóxica que, sen esquecer as  
2 reivindicacións inmediatas, as transcenda e non se limite a defender sen máis "os postos de  
3 traballo". Pidamos moito máis, e fagámosllo ver aos traballadores: outra sociedade.

4 Un partido que carece de proxección pública directa a través de cargos institucionais, ten a súa  
5 razón de ser na guía ideolóxica, e na influencia nas políticas de EU a través da súa elaboración como  
6 intelectual colectivo.

7 Esquerda Unida é un instrumento para a transformación. O partido é outro. As súas funcións non  
8 son as mesmas. O músculo corresponde a EU. O pensamento ao partido no seu seo. Sen que EU  
9 sexan unhas siglas, senón unha estrutura de traballo, esta ou outra, con este ou outro nome, e o  
10 partido un intelectual colectivo que elabore pensamento, con este ou outro nome. Aínda que o  
11 noso é un belo nome que non hai motivos para cambiar.

12 Se estas dúas estruturas vertebradoras non existisen, habería que inventalas.

13

### 14 **3. O ESGOTAMENTO DO MODELO POLÍTICO ACTUAL. A PROPOSTA DO PCG PARA O** 15 **PROCESO CONSTITUÍNTE**

16 Sexenio da crise e instauración dun reximen de excepción, cotidianeidade de violencia material e  
17 simbólica. As clases traballadoras e populares do país vivimos unha cotidianeidade de excepción,  
18 un exercicio cotián de violencia material nas relación sociais de produción e simbólica inflixida  
19 dende o aparello ideolóxico do Estado; un réximen de excepción convertido na regra de actuación  
20 para acadar a saída desexada polas elites político-económicas da Restauración á crise capitalista,  
21 saída súa que pasa por recuperar a taxa do beneficio empresarial a costa dos dereitos e condicións  
22 de vida do noso pobo.

23 Máis explotación para afianzar a dominación de clase. O conxunto de medidas económicas e sociais  
24 impostas no sexenio da crise sirven para aumentar a taxa de explotación, xerar un abismo de  
25 desigualdade e afianzar a dominación de clase por parte das burguesías dos diferentes pobos do  
26 Estado. Esa sistemática de agresións de clase que constitúen o paro masivo, a extensión da  
27 pobreza, a corrupción estrutural, as privatizacións e os recortes como mecanismos para desmontar  
28 ou reducir os dereitos da xente traballadora, a continua devaluación salarial combinada coa  
29 regresión fiscal en curso... enchen de necesidade, angustia, medo e incluso morte a vida das  
30 persoas traballadoras. Violencia material que se dobra coa simbólica que desenvolve a publicidade  
31 para dobregar os espíritos; e cando non se logra xerar resignación, aplícase un acrecido arsenal  
32 represivo (novas leis de seguridade cidadá e seguridade privada, endurecemento dun código penal  
33 de clase...).

34 Crise do capitalismo español. Explotación e violencia resumen a maneira en que as burguesías do  
35 Estado tentan superar a crise orgánica do capitalismo español, as feblezas dun modelo de  
36 acumulación que nos condena á subalternidade dentro do espazo da UE, reducidos a un Estado que  
37 presta servizos de baixo valor engadido, sen capacidade industrial e de I+D+i e sen saer da burbulla  
38 do ladrillo caendo na burbulla financeira da débeda. A nosa condición de periferia subalterna e a  
39 aplicación da ortodoxia neoliberal nos conduce a un regreso ao subdesenvolvemento social e  
40 produtivo.

41 A alteración da constitución material que desenvolven as clases dominantes e que está en curso  
42 emprega como coartada o proceso de integración económica definido dende Maastricht a Lisboa e  
43 que sitúa nunha posición subordinada ao Estado español. A UE é o expediente que facilita executar

1 un proceso destituínte, que secuestra a soberanía popular para ofrendala ao Vichy global, ou pacto  
2 das burguesías do Estado coa troika, que expresa os intereses do bloque económico nucleado ao  
3 redor de Alemaña para derrotar e disciplinar ás clases traballadoras e populares. De Maastricht a  
4 Lisboa pasando polo sedicente tratado constitucional europeo semella imposible non lembrar a  
5 coraxe e a lucidez daquela dirección política que encabezada por Julio Anguita salvou, coa súa  
6 análise crítica e o NON a esa sorte de horcas caudinas, a dignidade da esquerda antagonista ao  
7 sistema capitalista.

8 Fin do réxime da transición. O sexenio da crise sáldase coa liquidación do réximen político  
9 acordado, nunha correlación de forzas desfavorable, na transición. A fin da negociación colectiva, o  
10 despedimento libre e barato, os agasallos fiscais en forma de bonificacións, deducións e exencións  
11 ao empresariado e rendas do capital, o ataque o sistema público de pensións, a deriva clerical e  
12 machista dun goberno que quere segregación na escola e sotanas no ventre das mulleres, a  
13 privatización da sanidade pública e a desmontaxe dos febles rudimentos de protección social ás  
14 persoas dependentes, así como a depredación do espazo físico e dos recursos naturais como  
15 fórmula de externalización dos custos para o capital, e o afogamento fiscal e material da cultura  
16 crítica e emancipadora, nun contexto de acredida represión legal e policial, conforman un políptico  
17 de violencia económica, social e cultural que expresa ás claras á fin de réxime, a voadura de calquer  
18 acordo que preserve os dereitos económicos, sociais e culturais da cidadanía social e unha  
19 democracia que non sexa apenas unha sombra.

20 O aumento das desigualdades sociais, a ruptura do sempre feble contrato social, a crise da  
21 reprodución social e a recuperación de ideoloxías retrógradas e machistas que alimenta os  
22 anteriores procesos teñen un sesgo claramente de xénero ao supor unha abrumadora  
23 intensificación da carga total de traballo para as mulleres e lonxe de ser un efecto colateral da crise  
24 constitúe unha estratexia patriarcal para privatizar e confinar no fogar as tarefas reprodutivas.

25 O golpe de Estado dos mercados na primavera do 2010, a contrarreforma constitucional pactada  
26 nunha noite de verán polo bipartidismo e a abdicación forzada e apresurada do rei son fitos  
27 senlleiros da descomposición dun réxime político falto da lexitimidade da maioría da poboación e  
28 que camiña cara a definición dunha democracia oligárquica, unha sorte de espantallo que disimule  
29 a dominación de clase das burguesías.

30 Mutación antropolóxica. Poboación traballadora sometida a un fortísimo proceso de mutación do  
31 seu ser social ao traveso da exacerbación dun modelo de ser humano amputado, reducido á  
32 condición de homo economicus, nunha lectura última do individualismo posesivo, onde a  
33 liberdade da persoa fúndase nas propiedades que detenta nunha sociedade fundada na  
34 mercantilización de todas os ámbitos da vida humana; proceso de mutación que pretende o  
35 bloqueo da subxectividade crítica inherente ao ser humano ben ao traveso do espellismo do  
36 consumo ben da psicoloxización das problemáticas sociais. O capital desenvolve un plan de  
37 modificación da condición humana, acaudilla un proceso de deshumanización que nos introxecta  
38 de cote no oxíseno moral que respiramos.

39 Bipartidismo malferido. O bipartidismo, cómpre dicilo, é o mecanismo ao traveso do cal as clases  
40 dominantes veñen exercendo a súa hexemonía na sociedade que clausurou -nun proceso  
41 incompleto de loitas- a ditadura fascista de Franco. Non foi e non é a expresión natural da vontade  
42 popular. Ao longo destes anos, uns recursos desiguais, un financiamento irregular (de Filesa a  
43 Bárcenas), os aparellos ideolóxicos de Estado e a manipulación dos medios de comunicación de  
44 masas e a atmosfera xeral de valores que xera o individualismo posesivo configuraron o marco  
45 que fixo posibles maiorías alternantes. Como froito ácedo das políticas impostas neste sexenio da  
46 crise, provócase, e nós formamos parte do lévedo que o desencadenou, en sectores cada vez máis

1 amplos da maioría social traballadora un duplo fenómeno de rexeitamento e loita que constitúe a  
2 base material sobre a que construír unha alternativa emancipadora. O bipartidismo resta  
3 malferido, en particular, logo das eleccións europeas de maio, onde a suma das forzas políticas  
4 alternativas podería ser a primeira forza política. Pero esa ferida política se explica pola  
5 acumulación de loitas e mobilizacións sostidas con diferentes ritmos dende o comezo da crise.

6 A resistencia orfa da xente traballadora. Dende o arranque do sexenio da crise e de xeito máis  
7 marcado coa rendición do goberno do PSOE ao ditado da troika na primavera do 2010, a cidadanía  
8 traballadora avanza nun proceso de mobilización e loita para resistir a xeira de recortes e perdas de  
9 dereitos que esixe o capital para reanudar a súa reprodución ampliada. Fenómenos como o 15 M,  
10 as diversas mareas, as Marchas da Dignidade no espazo social; ou o xurdimento de agrupacións  
11 políticas como AGE ou mesmo Podemos expresan o descontento orfo da xente traballadora co  
12 político realmente existente (e iso nos atañe a nós malia dispor dun programa político semellante  
13 ao reclamado por eses movementos). Da miríada de loitas sociais, debuxando unha frecha que vai  
14 de abaixo a arriba, chega un eco que demanda unidade e novas maneiras de engarzar sociedade e  
15 política. Esa resposta nós a estamos a dar de xeito incompleto: unidade e man tendida á sociedade  
16 crítica coexisten con rotinas que privilexian acordos cunha socialdemocracia que forma parte do  
17 bipartidismo e insuficiencias no noso despregue social e territorial.

18 Polarización política e social que ten un correlato na asfixia do espazo da socialdemocracia como  
19 leal oposición ou goberno responsable do réxime da II restauración borbónica. Na axenda da troika  
20 non hai condicións para un acordo significativo entre o capital e o traballo. Hai imposición para  
21 derrotar a cidadanía social que se constrúe entre loitas logo da derrota do nazifascismo. Unha  
22 fracción da esquerda social, ancorada particularmente no espazo sindical, aínda garda a tentación  
23 dun retorno ao pasado a medida que amaine a crise. Non hai billetes para esa viaxe. Elo constitúe  
24 un spellismo que merma as forzas que se organizan para derrotar a reacción capitalista.

25 Construír o espazo político da esquerda nacional. O PCG afirma a súa vontade de construír un  
26 proxecto emancipatorio autónomo no noso país e dende esa terra converxer coa pluralidade  
27 política e social crítica para alumear un novo réxime político republicano, social e democrático. Xa  
28 que logo a construción dese espazo e a consecución dunha saída favorables aos intereses da  
29 maioría social traballadora pasan por desbotar acordos significativos coa socialdemocracia, hoxe  
30 desfigurada de xeito irreversible nunha opción social-liberal.

31 Futuro disxuntivo, pacto monárquico das elites ou creba democrática do pobo. Chegados a este  
32 punto de non retorno, o escenario da loita fórmase de xeito dicotómico, ou novo pacto  
33 monárquico das elites político-empresariais para darlle continuidade á hexemonía dos actuais  
34 poderes económicos das burguesías estatais ou desenvolvemento dun proceso constituínte no cal  
35 o novo bloque político e social en formación, hexemonizado polos valores e intereses do mundo do  
36 traballo, achegue unha proposta político e social quen de gañar a confianza e a vontade da  
37 cidadanía na palestra política, e abra un tempo para acordar unha nova Constitución que devolva  
38 ao pobo a capacidade de ser protagonista do seu destino, acadando novos e afirmando os dereitos  
39 económicos, sociais e culturais como subxectivos e fornecendo as liberdades políticas e civís, nun  
40 desenvolvemento superior da democracia participativa e garantindo os dereitos nacionais - ao  
41 traveso do dereito de autodeterminación - dos pobos que conformamos o Estado. Falamos da  
42 República Federal.

43

44

45

## 1 A PROPOSTA POLÍTICA DO PCG

2 O PCG, elo da resistencia popular. Que achegamos as comunistas e os comunistas ao proceso de  
3 construción dunha alternativa emancipadora? A actualización dunha tradición emancipadora de  
4 loita e coñecemento social que foi determinante para rematar coa ditadura e para a aprendizaxe  
5 política e social de varias xeracións de traballadores e traballadoras; a determinación organizada de  
6 construír contrapoderes sociais, quen de asumir a tarefa de gañar o poder político aglutinando  
7 unha alternativa plural. A nosa achega pode axudar, o está a facer, a recualificar a praxe política  
8 polos contidos, valores e acción social que achegamos mediante unha navegación que sorteia o  
9 Escila do mal menor social liberal e o Caribde do populismo. Somos un partido tan pequeno como  
10 necesario e decidido a soste-lo unha concepción da política como loita e pedagogía, privilexiando a  
11 loita ideolóxica e a formación. O traballo cotián ao carón da xente traballadora é a máquina que  
12 temos as e os comunistas para traducir no concreto os nosos valores e programa emancipador,  
13 para xerar consciencia de clase e hexemonía na maioría social traballadora deste país. Valdremos o  
14 que pese a nosa praxe consecuenta no ánimo da xente traballadora.

15 Prioridades do noso Partido son a atención ás necesidades da xente do común, do noso pobo, a  
16 recuperación da soberanía popular, a defensa e ampliación das nosas liberdades nacionais e a  
17 consecución dun novo marco estatal republicano e federal para erguer unha alternativa de  
18 sociedade ao servizo das necesidades, intereses e valores da xente do común, das clases  
19 traballadoras e populares. O pobo galego, a clase obreira deste país, os nosos dereitos nacionais, a  
20 soberanía popular son elementos que constitúen o futuro dunha proposta emancipadora para  
21 Galicia. Non son subsumibles nas categorías enganosas dese Vichy global que nos propón como  
22 abismo o réximen bipartidista obediente á troika.

23 PCG, aprendizaxe e loita. A partires das loitas da xente traballadora somos un elemento que as  
24 fornece e tenta dotalas dun sentido global e para aprender delas, das necesidades e arelas que  
25 expresan esas loitas. Aprender das condicións materiais nas que a clase traballadora traballa e loita  
26 é capital para organizar a derrotar aos amos do capital. As clases están en constante mutación  
27 adaptándose, nun proceso conflitivo, ás condicións que impón o capital para garantir a súa  
28 reprodución ampliada. O precariado, o traballo autónomo e o fenómeno dos falsos autónomos, a  
29 acrecida acumulación por desposesión practicada contra as mulleres, a realidade laboral do  
30 terceiro sector...son elementos que debuxan a reordenación produtiva que superou o fordismo... e  
31 dificultan tanto como reclaman a nosa participación na organización da loita das clases  
32 traballadoras. Sermos parte desa pobo formidable que loita para que non fragüe o medo e a  
33 necesidade na resignación, ese humus onde o capital pode afinar a súa regresión civilizatoria, é  
34 unha tarefa primeira para conmover o mundo do capitalismo no noso país.

35 Alternativa Social Anticapitalista. O Partido Comunista de Galicia comparte a reflexión e traballo  
36 estratéxico do PCE para construír contrapoderes sociais, pequenos países distintos nos que ensaiar  
37 e recrear o xermolo dun poder popular quen de disputar nun intre determinado, nun proceso de  
38 carácter revolucionario, o poder político a esa alianza das burguesías estatais.

39 O PCG acredita na construción dunha alternativa igualitaria e emancipatoria ao sistema capitalista,  
40 repudia o xogo bipartidista da alternancia e, xa que logo, nega o seu apoio a complementar a pata  
41 social-liberal da monarquía de Felipe VI. O noso único pacto é coa xente traballadora, co pobo.

42 Pacto co pobo para desenvolver políticas que xeren pleno emprego e fagan realidade aquel dereito  
43 enunciado nas barricadas do 48: o dereito ao traballo; pacto co pobo para acadar a universalización  
44 dos dereitos sociais esixibles por lei; Pacto co pobo para desenvolver os servizos públicos universais  
45 e gratuítos; pacto co pobo para crear unha banca pública e socializar os sectores estratéxicos da  
46 economía, caso da enerxía ou as comunicacións; pacto co pobo para afirmar a participación da

1 clase traballadora na planificación e toma de decisión nas empresas no marco desenvuelto dun  
2 novo réximen de democracia participativa; pacto co pobo para conquistar unha reforma fiscal  
3 progresiva que remate coa fraude fiscal, a fin da desfiscalización das rendas do capital e a  
4 supresión dos agasallos ás grandes empresas en forma de deducións, bonificacións e exencións  
5 fiscais; pacto co pobo para acadar un novo paradigma de desenvolvemento humano afincado no  
6 decrecemento sustentable; pacto co pobo para rematar coa corrupción estrutural e rexenerar a  
7 vida democrática.

8 Política de alianzas a prol da unidade. Refundación (chamado programático á esquerda social e  
9 política para conformar un bloque político e social alternativo), Convergencia (para profundar no  
10 achegamento das diversas expresións de contestación social ao bipartidismo e a súa resposta  
11 antisocial á crise), Convocatoria Social (confluencia programática política e social para construír un  
12 programa de acción alternativo); son apelacións todas á unidade de acción de base programática  
13 coherentes co Alternativa Social Anticapitalista e que marcan o devir deste tempo de excepción  
14 onde o fascismo social obriga ás forzas políticas da esquerda anticapitalista a construímos espazos  
15 de traballo común que logo se vertan nun acordo político para enfrontar o cambio de réxime.

16 Confluencia política e social ao redor dun programa cidadá de radicalidade democrática. O PCG vai  
17 traballar nesta fase política decisiva para construír unha ferramenta unitaria para a acción da  
18 maioría social traballadora, que permita acumular as forzas suficientes para abrir un proceso  
19 constituínte. A nosa intelixencia estratéxica coas elaboracións e traballos unitarios desenvolvidos  
20 pola Fronte Cívica “Somos Maioría” insírexe no rego da nosa política de alianzas. Ese proceso de  
21 confluencia require acadar un acordo político e social (a partires da diversidade e pluralidade de  
22 forzas sociais e políticas actuantes que sobardan o limiar da esquerda) que a modo dun novo pacto  
23 de san Sebastián fixe un conxunto de medidas de cambio social para a transformación social e  
24 democrática deste país e do Estado, e a constitución plataforma cidadá político-electoral para  
25 defendela nas urnas.

26 Un país distinto. A sal da terra que co seu traballo e loitas alimenta a esperanza de cambio social  
27 está a demandar unha democracia real, superadora dos límites e hipotecas do actual réximen de  
28 oligarquía e corrupción. Ese país distinto, composto por sindicalistas, activistas sociais, marchas e  
29 mareas e por suposto a nosa militancia require de novos espazos partillados de loita e debate, a  
30 asunción plena e sen reservas das novas subxectividadeas antagonistas, de máis capacidade de  
31 decisión,... Ese país distinta latexa acelerado no social e no político como síntoma do novo que  
32 xurde cando o vello aínda non morreu. O PCG ten que construír novas pontes culturais e  
33 organizativas para recibir e contaminar esa sal da terra. Seremos esa anomalía política virada ao  
34 social e ao ideolóxico para desenvolver unha praxe crible para a cidadanía traballadora, pola súa  
35 adecuación entre o dicir e o facer nun marco de radicalidade programática e forza ideolóxica.

36 A república, como identidade moral do bloque político e social alternativo que quere recuperar a  
37 soberanía popular, os dereitos económicos, sociais e culturais, unha sociedade de mulleres e  
38 homes en igualdade e a afirmación das nosas liberdades nacionais, un país cuxa dignidade radique  
39 no pan, traballo e vivenda que lle ofrece a toda persoa que en el viva e traballe.

40 O mañán se constrúe hoxe con traballo, formación e loita. Nós, as comunistas e os comunistas  
41 definímonos polo que damos, polo que facemos. Sen esencialismos, queremos ser unha parte desa  
42 praxe radical organizada que co seu traballo e estudo cotián transforma o existente, que “anula e  
43 supera o estado de cousas actual”. Iso, porque acreditamos nun porvir no que a produción dos  
44 bens se regule en función das necesidades da maioría da poboación. Porque sabemos posible unha  
45 sociedade de homes e mulleres libres na que sexa posible a administración común das cousas.  
46 Porque arelamos unha sociedade igualitaria onde cese a división en clases sociais. Porque

1 queremos unha sociedade que supere a división social do traballo, a fenda entre o traballo manual  
2 e intelectual, en favor dunha soa división técnica das tarefas da produción e reprodución social.  
3 Porque caerán as fronteiras, se disolverán os exércitos, e esvaeceranse na noite da prehistoria  
4 humana os aparatos de Estado represivos. Porque a historia da humanidade virá cando nas nosas  
5 sociedades se practique o criterio de a cada quen segundo as súas capacidades e a cada quen  
6 segundo as súas necesidades.

#### 7 **4. A FORMACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL EN GALICIA**

8 É evidente que o neoliberalismo sustentouse en Galicia nun entramado financeiro, económico,  
9 social e cultural que gozou durante anos dun falso esplendor económico baseado nunha gran  
10 burbulla financeira, e que agora se ve sacudido polos diversos escándalos de corrupción que saen á  
11 luz cada vez que se escarba superficialmente.

12 É evidente que a corrupción e o saqueo das caixas (un dos seus máis claros exemplos) non se  
13 esclarecen coa pantomima de comisións parlamentarias que funcionaron nos últimos meses. As  
14 comisións de investigación da corrupción e das caixas no Parlamento de Galicia son unha burla á  
15 democracia, e unha cortina de fume cuxo obxectivo principal é o contrario para o que  
16 supuestamente foron creadas. Coa particularidade de que se produce a perversa contradición de  
17 ser os corruptos os que supuestamente se investigan a si mesmos.

18 É a mesma perversa contradición que se dá en términos globais cando os que provocaron a crise se  
19 ofrecen para sacarnos dela coas mesmas receitas, xerando unha crise de dramáticas consecuencias  
20 e magnitudes impredecibles. A curto prazo, os orzamentos da Xunta para 2014 suscitan un negro  
21 panorama tras unha nova redución do teito de gasto.

22 Neste marco móvense as políticas da Xunta de Galicia, sempre ao servizo dos intereses económicos  
23 do gran capital que converteron a economía produtiva de Galicia no monicreque dos intereses  
24 internacionais das grandes coroporacións e que a abandonaron pola economía especulativa,  
25 asumindo un papel marxinal e subordinado para os sectores estratéxicos da economía.

26 Un modelo deseñado en instancias internacionais desde un primeiro momento, coma se dun  
27 taboleiro de xogo se tratase, que afundiú a gandeiría, o agro, a pesca e o sector naval, e que agora  
28 destina a Galicia un papel aínda máis marxinal coa entrega das nosas caixas, a devolución do  
29 tax-lease, a nova Política Agraria Común, o acordo conserveiro con Tailandia ou as concesións  
30 mineiras profundamente agresivas co medio ambiente que pretenden converter o territorio galego  
31 nun queixo de gruyere, por citar algúns exemplos.

32 A despoblación do medio rural, debida fundamentalmente ao envellecemento poblacional e aos  
44 Partido e a súa conexión coa organicidad. De pouco serviría esta afirmación se nos limitamos  
45 simplemente a enunciala. Debe ir acompañada dun plan concreto de traballo destinado a conseguir  
46 esa reconstrución e ese fortalecemento do Partido. Iso obriga a que todos/as os/as cadros do  
47 Partido dediquen unha parte importante da súa actividade a esa tarefa, empezando pola totalidade

1 dos/as membros do Comité Federal e das direccións das súas federacións e que diso se dea conta  
2 regularmente nos órganos correspondentes.

3  
4 As Agrupacións, todo o Partido, necesitan comités activos, con vida regular e atentos a dirixir e  
5 impulsar o labor político e a participación activa dos/as activistas, militantes, afiliados/as e  
6 simpatizantes do Partido.

#### 8 **4. O CENSO DO PCG. O CARNET**

9  
10 O XIX Congreso do PCE ratificou a aposta por un modelo único de carnet para todo o conxunto do  
11 PCE cunha parte para o modelo de federación. No 2013 concretamos en Galicia ese carnet coa  
12 conmemoración do Centenario do nacemento de Santiago Álvarez. De maneira desigual fomos  
13 quen de facer entregas nas comarcas, algo que temos que enmendar para facer da entrega de  
14 carnets unha das actividades centrais dos e das comunistas.

15  
16 Por outra banda a incorporación dos e das militantes ao DAR facilita a xestión de cuotas e o control  
17 de censos pero obriga a un traballo permanente de control dos recibos devoltos, das  
18 especificidades dos pagos de cota en sede e dos datos de contacto dos militantes. **É tarefa**  
19 **obligatoria deste XIII Congreso establecer un grupo de traballo de organización e descentralizar**  
20 **nas comarcas a xestión dos datos censais da DAR.**

21  
22 Por esixencia da Lei de protección de Datos o Comité Federal establecerá e actualizará  
23 periodicamente un protocolo de seguridade e as normas que han de rexer na elaboración,  
24 manipulación, modificación e utilización dos censos de militantes e todas aquelas listaxes con datos  
25 persoais que utilicen as organizacións do Partido para o desenvolvemento das súas tarefas  
26 (subscritores/as a Mundo Obreiro, ou xornais de federación, listaxes de militantes para realizar  
27 actividades sectoriais, listaxes de militantes con domicialización bancaria, etc). Todas as  
28 federacións e organizacións do Partido estarán obrigadas a cumprir o devandito protocolo. O  
29 incumprimento do mesmo por parte da persoa que teña a responsabilidade en calquera dos  
30 órganos de dirección terá a consideración de falta grave ou moi grave.

31  
32 A militancia debe abonar a cota mediante domiciliación bancaria. En caso singulares e sempre por  
33 acordo da agrupación poderanse facer excepcións, especialmente, cos e as menores de 18 e  
34 maiores de 70 anos, neste caso, a persoa interesada ou a súa agrupación deberá ingresar o  
35 importe, especificando nome, DNI, cantidade e período na conta aberta especificamente para cotas  
36 que a súa federación lle indique, ou ben domiciliará a súa cota na conta corrente da súa  
37 agrupación.

38  
39 É prioritario para o PCG saber cantas e cantos somos e onde estamos a través de censos  
40 actualizados. **Para iso a comisión de organización que configuremos, coa presenza de todos os**  
41 **responsables de organización das comarcas e a XCG reunirse periodicamente para planificar e**  
42 **desenvolver o traballo que sexa necesario e posibilitar que poida verificarse colectivamente a**  
43 **adecuación dos censos.**

44  
45  
46  
47

## 5. AS FINANZAS DO PCG

Os recursos económicos do PCG proveñen das cotizacións dos e as militantes, segundo estableza o propio Comité Central do. Das achegas voluntarias dos militantes ou de simpatizantes. Das actividades que se realizan para axudar ao financiamento do Partido. Do rendemento do seu patrimonio. Dos ingresos previstos na lexislación sobre financiamento de partidos políticos e da participación nos ingresos de Esquerda Unida a través dos protocolos financeiros existentes en EU.

O financiamento do Partido Comunista de Galicia responde ao principio de austeridade, de transparencia económica e control orzamentario. Confianza, solidariedade e corresponsabilidade do conxunto da súa militancia, e tenderá á autosuficiencia económica e financeira.

A ninguén se lle escapa que un Partido forte, con incidencia social e que contribúa permanentemente ao fortalecemento da ideoloxía comunista, confrontada politicamente ao capitalismo, necesita dunhas finanzas fortes e saneadas.

Tristemente a realidade é ben distinta. As finanzas do noso Partido son unha das debilidades máis importantes coas que nos atopamos nestes momentos. O sistemático incumprimento dos acordos e normas que nos aplicamos, é case xeneralizado na maioría das organizacións comarcais. Esta situación leva a un estrangulamiento económico permanente que impide ao Comité Central realizar calquera tipo de planificación a curto e medio prazo. De igual forma impídenos realizar unha necesaria política de axuda e relanzamento daquelas comarcas máis débiles.

Por tanto, ante o que teorizamos e practicamos realízanse as seguintes propostas, sen esquecer seguir insistindo na necesaria corresponsabilidade de cumprir rigorosamente os acordos e compromisos que democraticamente se adoptan no Partido:

- Unificar todas as contas bancarias (hoxe con custes elevados de comisións bancarias) nunha soa conta central o que non significa que o reparto de cuotas de cada comarca non se respete escrupulosamente.
- Modificar o criterio de reparto de cuotas para dotar ás comarcas do 50% da cuota, o 25% ao comité central e o 25% ao comité federal
- Establecer como condición de militante inexcusable o pago da cota como unha das obrigacións que calquera/a militante asume desde o momento que en se afilia ao PCG. A cota ademais de axudar ao financiamento do Partido regula a legalidade e transparencia dos censos da organización. O pago das cotas da militancia constitúe a pedra angular do noso financiamento, non pola súa contía, senón polo que representa en canto contribución colectiva á existencia do Partido.
- A cota que debe pagar cada militante do Partido é o 1% do salario neto que percibe.
- Establécese unha cota mínima de 5. Á mesma engádeselle 1 máis para Mundo Obreiro. O Comité Federal poderá modificar a contía da cota mínima, tendo en conta o IPC anual. Co pago desta cota, cada militante recibirá no seu domicilio de forma mensual o Mundo Obreiro.

1 **PROTOCOLOS ECONÓMICOS CON EU.**

2

3 Ante todo, algunhas cuestións que se supoñen sabidas pero que parece necesario lembrar:

- 4 - EU é un movemento político-social, que compoñen individuos, colectivos, correntes e
- 5 partidos.
- 6 - Os Partidos que compoñen EU se autolimitan na súa actuación política, non concorrendo ás
- 7 eleccións e privándose, por tanto, de calquera ingreso proveniente das institucións.
- 8 - Establécese un marco de acordo entre as partes para paliar ese desaxuste económico que
- 9 se lles ocasiona aos Partidos, que se veu chamando Protocolo.

10

11 Por tanto, os convenios asinados entre o PCG e EU, ou os que señan asinados nos ámbitos locais,

12 nas súas diferentes formas (económica, de infraestrutura, de persoal...) non son froito da boa

13 vontade dunha das partes, senón a concreción económica dun acordo político mutuo.

14

15 De igual maneira, a modificación, incumprimento ou ruptura nunca pode ter un carácter unilateral,

16 xa que os protocolos financeiros son a derivación dos acordos políticos entre organizacións

17 soberanas.

18

19 Como Federación do PCE o PCG ten que ingresar ao Comité Federal, periodicamente o 15% do

20 protocolo que Esquerda Unida estea a pagar. O PCG, no marco do proceso de Refundación de

21 Esquerda Unida, traballará para recuperar o seu carácter de Movemento Político e Social, desde o

22 aprobado nas súas Resolucións, Conferencias, e Congresos. Para o PCG isto implica, entre outras

23 moitas cuestións, que o pago a Esquerda Unida da cota dos seus militantes se detraiga, desde o

24 estrito cumprimento da Lei de Financiamento de Partidos Políticos e da Lei Orgánica de Protección

25 de Datos, da cota que abonan ao PCG.

26

27 **O PATRIMONIO DO PCG**

28

29 Na actualidade, a totalidade dos inmobles do Partido en Galicia foron escriturados a nome do PCE.

30 A antigüidade dos inmobles está obrigando a desenvolver por parte do comité central dun

31 importante montante económico polo que cómpre clarificar co comité federal do PCE a situación

32 legal do patrimonio e a asunción de custes de mantemento do mesmo.

33

34 Os ingresos provintes da venda de patrimonio deben reinvestirse en patrimonio. Só se poderá

35 alugar un local do PCG a terceiros co coñecemento previo do contrato e a firma dalgún dos

36 apoderados federais, únicos autorizados para a xestión do patrimonio do Partido. Neste caso, o

37 Comité Federal percibirá un 10% do ingreso que se estea producindo.

38

39 O Partido fará inventario dos bens mobles (obras de arte, principalmente) en poder das distintas

40 comarcas, así como unha catalogación ou valoración artística e económica, que inclúa o estado de

41 conservación dos mesmos. Especialmente urxente é facelo na comarca de Ourense co patrimonio

42 pictórico de obras de Xaime Quessada.

43

44 En cada ámbito comarcal débense pechar acordos con EU, á marxe do protocolo, pola utilización do

45 local do PCG adecuándose, os que aínda non o fixesen, á resolución do Comité Federal de 10 de

46 xullo de 1993. Estes acordos deben ser dados a coñecer por escrito ao Comité Federal antes da súa

47 firma.



1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46  
47

**RECURSOS EXTRAORDINARIOS DO PCG.**

Tradicionalmente as organizacións do Partido viñéronse financiando, ademais das cotas, a través de casetas de feira ou festas, lotarías, bonos etc. Na última década, este tipo de actividades diminuíron moito, e en bastantes casos, algunhas delas pasaron a financiar a Esquerda Unida. É por iso necesario, que, polo menos, en todas as localidades onde teñamos presenza como Partido retomemos a instalación de casetas de Feiras e/ou Festas.

Tamén proliferaron moitas actividades concretas para conseguir ingresos e mostrar a nosa solidariedade internacional con eses ingresos, ceas, festas etc., e que adoitan dar un bo resultado.

**A FESTA DO PCG**

Recuperada en 2012 e retomada neste 2014 a Festa do PCG ten que ser un espazo de encontro de toda a militancia, onde se poidan desenvolver actividades políticas, sociais e culturais e que contribúa ao seu financiamento. Para iso elaborárase un informe que deberá aprobar o Comité Central, despois da experiencia das dúas edicións anteriores no que se faga unha proposta de modelo de festa adecuada ao momento e ás circunstancias do Partido, atendendo especialmente á necesidade de encontro con militantes, cidadanía, espazos políticos, lúdicos e sociais. Debe ser unha Festa esencialmente política, lugar de encontro da militancia e xentes da esquerda, adecuada á nosa capacidade económica, anual e a celebrar en cidades diferentes de Galicia, e na que practiquemos o principio de austeridade.

Trala Festa debe realizarse todos os anos un balance que permita fixar os obxectivos do ano seguinte, balance que debe ser elaborado por todas as agrupacións comarcais, que virán obrigadas a realizar un informe que conteña o número de bonos vendidos e a participación dos seus militantes nos traballos e actividades da Festa. O informe ten que ser aprobado nun comité central xunto cun informe económico da festa que inclúa ingresos e gastos xenerados.

A distribución e venda de bonos axuda á FESTA é unha tarefa obrigatoria das organizacións comarcais do PCG

**RECURSOS HUMANOS**

Para o funcionamento habitual do Partido é indispensable que, sempre que as condicións económicas o permitan, algúns/as militantes realicen plena dedicación, así como o traballo voluntario dos seus militantes. Para iso necesitará a concorrencia de persoal ao que encargar as correspondentes tarefas. As tarefas técnico-administrativas deben ser desenvolvidas por persoas de confianza política e estas tarefas deben ser compatibles coa propia actividade partidaria. Enténdese que as persoas que desenvolvan estas tarefas teñen a mesma independencia de criterio político, que a de calquera/a outro/a militante que non recibe renumeración económica do Partido.

A súa selección ou revogación corresponde ao comité da organización na que vaian traballar, con coñecemento e aprobación previa do comité central e federal. A súa vinculación co Partido acomodárase á normativa xeral sobre relación laboral ou profesional que corresponda. Para a

1 selección do persoal técnico e administrativo habilitaranse os mecanismos necesarios para garantir  
2 os criterios de capacidade, igualdade, mérito e publicidade sendo requisito o ter un ano de  
3 militancia no PCE.

## 7 **6. A COMUNICACIÓN DO PCG**

### 9 **MUNDO OBRERO**

11 Fundado en 1930, Mundo Obreiro é o medio con maior traxectoria do PCE. Sitúase na actualidade  
12 dacabalo entre un órgano de expresión (difusión das posturas, resolucións e comunicados do  
13 Partido) e un xornal crítico e alternativo co que abrimos á sociedade e que está a chegar a un  
14 amplo público formado fundamentalmente pola militancia do partido, pero tamén por  
15 simpatizantes, cidadáns/as de esquerdas que queren ler artigos e reportaxes que non publican os  
16 medios burgueses e líderes de opinión e intelectuais comprometidos coa realidade.

18 Mundo Obreiro presenta a mesma calidade nos seus materiais que calquera das máis prestixiosas  
19 publicacións de venda en quioscos. O que diferencia a Mundo Obreiro dos outros medios de  
20 comunicación é a selección dos temas que aborda (silenciados noutros medios), as análises dos  
21 conflitos (vetados noutras publicacións polos intereses económicos que lles alimentan) e as nosas  
22 prestixiosas firmas de opinión.

24 Para construír este medio, é preciso crear unha extensa rede de militantes e colaboradores de  
25 Mundo Obreiro tamén en Galicia. Co tempo, trátase de que toda actividade, comunicado ou noticia  
26 do Partido, a calquera nivel, sexa radiado a Mundo Obreiro Dixital para a súa publicación  
27 inmediata, baixo a supervisión da Secretaría de Comunicación Federal.

### 29 **WWW.PCGALICIA.ORG**

31 A páxina web do PCG é unha das evidentes eivas que temos. Ten un nivel de acceso moi aceptable  
32 que non se corresponde coa actualización de novas e o contido que actualmente desempeña. É  
33 urxente dotar ao novo comité executivo un responsable de comunicación que organice os contidos  
34 e temas da web.

### 36 **UTOPIÁS - A NOSA BANDEIRA (NB)**

38 Lamentablemente a revista de debate político e teórico do PCE non ten practicamente  
39 implantación en Galicia. Publicado de maneira trimestral, cada número contén unha serie de  
40 artigos extensos sobre un tema concreto ademais dalgunhas seccións fixas que terían que ser o  
41 cerne formativo dos novos militantes.

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46

## 7. A FORMACIÓN NO PCG

O PCG é un partido que quere, mesmo dentro dun programa mínimo, realizar un cambio na sociedade. Este feito obrigámonos a cumprir dous compromisos:

- cada un, debe influír na súa contorna para propiciar ese cambio
- todos, deben coordinarse na súa actuación

Por iso nosa actividade debe ser, non só coherente, senón tamén cohesionada. Coherencia nas ideas de cada un, cohesión na actividade de todos.

Un partido cohesionado necesita coñecer, respectar e cumprir uns acordos que se plasman nos documentos congresuais, elaborados colectivamente e aprobados nun proceso democrático. Pero o cumprimento da democracia interna non garante por si só a cohesión.

Por unha banda, moitos colectivos elaboran plans e proxectos democraticamente. A gran variedade de resultados e as conclusións diversas ás que chegan, os cismas e divisións que se poden producir no medio dun debate democrático, demóstrannos que o procedemento non é unha panacea.

Por outra banda, hai sociedades jerarquizadas e altamente cohesionadas que non son democráticas. As seitas e relixións, incluída a igrexa católica, manteñen a súa cohesión baseándose nalgunha verdade revelada. E razóns afectivas, ou a mera vontade de crer en algo ou alguén poden ser o cemento que aglutina a un club de fútbol. Ou a un club de fans.

Que a nosa aceptación dos acordos e a nosa disciplina de partido se cimenten en algo máis que a fe ou a simpatía, esixen basear en algo máis sólido nosa concepción do mundo.

Ninguén, individual ou colectivamente, carece dunha concepción do mundo, dunha interpretación da realidade. Unha relixión, unha filosofía, son concepcións do mundo compartidas polos seus adeptos. Cada sociedade en cada tempo, e dentro dela cada grupo social, comparte aproximadamente unha forma común de ver a realidade, que condiciona a súa conduta.

Esta concepción pode ser explícita, e o suxeito é consciente dela. Pero máis a miúdo é implícita e transparente, como a auga para o peixe ou o aire que respiramos para nós. É entón cando cobra máis forza, porque é difícil analizar, e rexeitar no seu caso, crenzas de orixe tan vaga que non sabemos como e cando as adquirimos, case sempre subliminalmente: acaban formando parte do núcleo duro da propia conciencia.

Vivimos no seo dunha sociedade de conflitos e contradicións. Adaptarse e soportala require reaxustes psicolóxicos e ideolóxicos dos que nin sequera nos damos conta. É así, mesmo se facemos abstracción do interese das clases dominantes en ternos ao seu servizo, durmidos, conformes (ou polo menos resignados) e relativamente contentos.

No noso tempo, os medios para crear ideoloxía forman unha inmensa máquina, pero case non lla ve. Percibimos algúns trazos sen coñecela do todo. Rozar a maraña require un esforzo tenaz. Desde logo, os comunistas non somos inmunes. Hai que desenredar con insistencia esa rede de ideas confusas que sen pausa nos moldean e deforman. Hábitos e condutas, esa inactividade que é hoxe

1 un mal do partido, pero que non o foi no pasado, son dados pola inmersión pasiva nunha  
2 determinada concepción do mundo.

3  
4 O primeiro paso para saír do autismo colectivo e a falta de interacción social que nos fai invisibles é  
5 formarnos a nós mesmos para actuar con coñecemento. En primeiro lugar no seo de Esquerda  
6 Unida e desde ela, pero non só desde ela, en círculos concéntricos, en localidades, centros de  
7 traballo e lugares de influencia.

8  
9 Non basta un voluntarismo activista que pode desmoronarse ao primeiro revés. Fan falta  
10 conviccións, baseadas no coñecemento, non na fe entusiasta. Coñecer a realidade daranos os  
11 medios para intervir nela e transformala. Formación, pois, continua e coordinada.

12  
13 A formación no seo do partido partirá da súa propia estrutura organizativa. Actualmente esa  
14 estrutura ordénase en agrupacións, esencialmente territoriais. Por iso, sen deixar de lado cursos  
15 esporádicos "de fin de semana", o máis operativo é que esa formación se efectúe en cada  
16 agrupación de modo moito máis sistemático e constante.

17  
18 Para coordinala temos como ferramentas de comunicación inmediata, internet e o correo  
19 electrónico. Hai camaradas que non dispoñen del, pero sen dúbida terano outros no seu mesma  
20 localidade ou preto dela. Se manexamos para empezar documentos breves, pode facérselles  
21 chegar unha copia.

22  
23 O procedemento podería ser o seguinte:

- 24  
25 1. En cada agrupación estableceríase unha rede de contactos. Todos os camaradas con correo  
26 recibirían un documento a estudar, e se procede unha pequena guía para a súa análise.  
27 Habería un prazo para ler o documento e unha periodicidade para reunirse, comentalo e  
28 debatelo. O responsable de formación da localidade coordinaría o debate, e poderíase  
29 redactar un breve resumo de conclusións, suxestións e dúbidas. Todo se remitiría á persoa  
30 encargada da coordinación xeral, que se encargaría de distribuír a información a todo o  
31 partido.
- 32  
33 2. Cando dispoñamos dunha páxina web estruturada, manexable e actualizable con facilidade,  
34 poderá establecerse esta comunicación de modo máis fluído e áxil en forma dun foro. Con  
35 todo, é conveniente manter unha disciplina de reunións, e non unha simple participación  
36 desordenada.
- 37  
38 3. As reunións de debate poderían abrirse a simpatizantes ou persoas interesadas, dado o seu  
39 carácter non doctrinario. Porque debe quedar claro que en ningún caso trátase de  
40 adoutrinar, senón de explorar xuntos o noso modo de interpretar a realidade, para mellor  
41 intervir colectivamente nela.
- 42  
43 4. Sería ideal que todos os camaradas participasen no proceso, pero sabemos que é difícil. Por  
44 iso pídese aos que queiran facelo que explicitamente se comprometan enviando a súa  
45 conformidade a este responsable.

- 1 5. Compromiso, para non deixar languidecer unha experiencia enriquecedora, e debate  
2 ordenado, son os requisitos para que esta actividade fortalézanos. E se sabemos abrila a  
3 moitos outros, será unha forma de facer crecer a nosa organización, tanto en calidade como  
4 en cantidade.  
5
- 6 6. Ábrese un prazo de quince días para que os interesados fagan saber a súa intención de  
7 participar. Pídese a todas as agrupacións que se organice o grupo de análise e  
8 comuníquellenos quen será a persoa de contacto encargada de coordinalo.  
9
- 10 7. Organizada a rede, comezase a enviar a documentación. Hai moito material.  
11 Comezaremos por textos non moi longos. Máis adiante verase a posibilidade de estudo  
12 dalgúns libros de obrigado coñecemento.  
13

# **PROPOSTA ESTATUTOS XIII CONGRESO DO PCG**

# ÍNDICE

**TÍTULO I.....:** O Partido Comunista de Galicia (PCG)

**TÍTULO II.....:** O Ingreso no PCG

- **CAPÍTULO PRIMEIRO:** O ingreso ao PCG
- **CAPÍTULO SEGUNDO:** O censo dos militantes
- **CAPÍTULO TERCEIRO:** A perda da condición de militante

**TÍTULO III...:** Dereitos e deberes da militancia

- **CAPÍTULO PRIMEIRO:** Dereitos da militancia
- **CAPÍTULO SEGUNDO:** Deberes da militancia

**TÍTULO IV...:** Normas xerais de funcionamento

**TÍTULO V...:** Carácter federal do PCG

**TÍTULO VI...:** Órganos do PCG

- **CAPÍTULO PRIMEIRO:** As Agrupacións
- **CAPÍTULO SEGUNDO:** Os Comités das Agrupacións
- **CAPÍTULO TERCEIRO:** O Comité Central
- **CAPÍTULO CUARTO:** O Comité Executivo
- **CAPÍTULO QUINTO:** A Secretaría Xeral do PCG
- **CAPÍTULO SEXTO:** O Congreso Nacional do PCG

**TÍTULO VII...:** As finanzas do PCG

**TÍTULO VIII.:** Resolución de conflitos e normas sancionadoras

**TÍTULO IX...:** A Xuventude Comunista Galega (XCG)

**TÍTULO X...:** Esquerda Unida

**DISPOSICIÓN FINAL**

# 1 **Título I. O Partido Comunista de Galicia**

## 2 **Artigo 1.** O Partido Comunista de Galicia

- 3 1- O Partido Comunista de Galicia, pola súa historia e actividade forma parte do movemento  
4 obreiro, dos sectores sociais e da cultura que traballan e loitan na perspectiva da  
5 construción do socialismo e a realización plena do ideal emancipador do comunismo. O  
6 PCG ten como obxectivo estratéxico a superación de toda opresión nacional e a abolición  
7 da explotación capitalista.
- 8 2- O PCG ten personalidade política propia en función das características específicas, sociais,  
9 económicas, culturais e políticas de Galicia, e desenvolve de xeito creador e autónomo as  
10 súas propias alternativas e organización, de maneira solidaria e corresponsable co proxecto  
11 político común para o conxunto do Estado que representa o PCE. Xa que logo, o PCG é a  
12 federación galega do PCE.
- 13 3- O PCG é unha organización política da clase traballadora, das mulleres e os homes que  
14 teñen como obxectivo a consolidación e desenvolvemento dunha democracia plena –  
15 política, social, económica e cultural. O PCG afirma o dereito de autodeterminación e a  
16 defensa e pulo do autogoberno nacional no marco dun Estado Federal e Solidario, a  
17 transformación de Galicia coa superación das estruturas económicas, políticas e sociais que  
18 producen desigualdade e dependencia.
- 19 4- O PCG considérase parte das tradicións progresistas e revolucionarias e das loitas do pobo  
20 galego, desenvolvidas ao longo da súa historia.
- 21 5- O PCG baséase no marxismo revolucionario e nas achegas teóricas, políticas e culturais dos  
22 proxectos de liberación que teñen como obxectivo a democracia plena, a superación de  
23 calquera forma de explotación, opresión e de dominación patriarcal, a emancipación do ser  
24 humano e a construción do socialismo como negación dialéctica e superadora do  
25 capitalismo
- 26 6- O PCG organiza a reflexión colectiva e a acción da súa militancia e aspira a ser vangarda na  
27 unidade, as mobilizacións e a loita das traballadoras e traballadores, así como dos sectores  
28 da cidadanía máis progresistas e combativos para a construción dun bloque social  
29 antagonista fronte ao sistema capitalista.
- 30 7- En coherencia cos seus principios de clase, o PCG é un partido revolucionario, republicano,  
31 federal, feminista e laico.

## 32 **Artigo 2.** Principios do Partido

- 33 1- O PCG declara a súa aspiración de solidariedade cos pobos, movementos e partidos que  
34 coinciden con estes principios, que loitan pola súa liberación nacional e social; que  
35 coinciden cos seus obxectivos de actuación antiimperialista e de transformación do mundo  
36 . O PCG reitera o seu compromiso, definitorio da súa identidade, coa paz e a cooperación  
37 entre os pobos, sobre a base da equidade; a soberanía dos pobos e o seu dereito a  
38 autodeterminación, o dereito universal ao traballo digno, a realización dos dereitos sociais,  
39 económicos, políticos e culturais das persoas; a conformación dunha sociedade que se  
40 funde nos valores da igualdade, a liberdade, a solidariedade e a xustiza; a radical igualdade  
41 e dignidade de todos os seres humanos sen discriminacións de ningunha clase.
- 42 2- O PCG afirma o seu compromiso para acadar unha sociedade respectuosa co medio natural  
43 que alberga a vida e, xa que logo, quen de deixar as xeracións futuras un medio natural en  
44 harmonía co desenvolvemento humano.



- 1 3- O PCG afirma o seu compromiso feminista a favor da consecución da plena igualdade  
2 efectiva e real entre mulleres e homes, coa superación de todos e cada un dos vestixios do  
3 patriarcado.
- 4 4- A democracia en todos os eidos da vida social é o eixo normativo sobre o que xira a  
5 actividade do Partido para artellar e construír a alternativa ao capitalismo.
- 6 5- O PCG inspírase nos valores da liberdade, a igualdade e a fraternidade, adpatando, a luz do  
7 pensamento marxista, a súa lectura e aplicación máis radical e progresista ás condicións do  
8 noso tempo.
- 9 6- A militancia no PCG basea a súa relación política na igualdade e o respecto, fomentando na  
10 nosa acción partidaria a aplicación de medidas positivas que incidan na consecución da  
11 igualdade e a non discriminación por razón de sexo, orixe ou cultura, tanto na división das  
12 tarefas como no acceso a responsabilidades nos órganos de dirección. O grao de  
13 dedicación ás tarefas do Partido é voluntario.
- 14 7- A militancia ao PCG é incompatible con calquera xesto ou acto xenófobo, racista, sexista,  
15 discriminación por orientación sexual ou maltrato ás mulleres en calquera das súas formas,  
16 ou maltrato animal ou cara a natureza ou de calquera outra clase que entre en  
17 contradición coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os principios éticos e  
18 ideolóxicos marxistas.
- 19 8- O PCG terá que garantir entre a súa afiliación o debate político e a formación. Os diferentes  
20 órganos de dirección deberán esforzarse por elaborar análises de conxuntura política para  
21 que o conxunto da afiliación dispoña de elementos de xuízo suficientes para desenvolver  
22 unha militancia consciente.
- 23 9- O PCG, que forma parte de Esquerda Unida dende a súa creación, coidará de que toda a  
24 súa afiliación o sexa tamén de Esquerda Unida. O Partido en canto tal e a súa afiliación de  
25 maneira individual participa e corresponsabilízase do desenvolvemento de Esquerda  
26 Unida, en tanto se conforme como movemento político e social, unitario e plural da  
27 esquerda anticapitalista. A nosa militancia contribuirá ao traballo teórico, político, cultural  
28 e programático.
- 29 10- O PCG propiciará a presenza organizada da súa militancia nos diferentes movementos  
30 sociais e en particular no movemento obreiro para que desde o respecto á súa  
31 independencia, en tanto que militantes comunistas, participen na construción das  
32 alternativas á sociedade, goberno e Estado, non só dende as institucións senón sobre todo  
33 desde o conflito social.
- 34 11- A política e os Estatutos elaborados polo PCG son o marco da relación federal co PCE,  
35 aprobados sobre a base do interese común, como factor fundamental de cohesión e  
36 baséanse na defensa dos dereitos e liberdades do pobo galego.

### 37 **Artigo 3.** Os símbolos do partido

- 38 1- O PCG emprega como símbolo a bandeira vermella coa fouce e o martelo. Nos seus actos  
39 acompañarase da bandeira galega e a bandeira da República.
- 40 2- O seu anagrama é o seguinte:



1

2 3- O himno do PCG é a Internacional comunista.

3 4- O idioma do PCG é o galego, lingua propia de Galicia.

4 5- O domicilio social do PCG radica en Compostela, rúa Dublín nº8 baixo-dereita

## 5 **Título II. O ingreso no PCG**

### 6 **Capítulo primeiro. Ingreso ao Partido**

#### 7 **Artigo 4.**

- 8 1- Poden ser membros do PCG todas as persoas que acepten de maneira voluntaria a súa  
9 Política e os seus Estatutos, contribúan coa súa cota o sostemento económico do Partido e  
10 militen de maneira regular nunha das súas organizacións. Cumpridas esas condicións serán  
11 membros do Partido, sexa cal sexa a súa nacionalidade e situación administrativa en  
12 relación coa actual lei de estranxeiría, a súa situación laboral ou de calquera outra índole,  
13 ou crenzas relixiosas.
- 14 2- A afiliación realizarase no Comité da Agrupación do ámbito da súa residencia, centro de  
15 traballo ou estudo onde se vaia militar, quen remitirá ao Departamento de Afiliación e  
16 Recaudación (DAR PCE) a acta da reunión na que debe constar o nome e DNI do  
17 solicitante. Unha vez comprobado no DAR que dita persoa non consta no mesmo,  
18 comunicaráselle ao Comité da Agrupación que pode someter a petición de ingreso ao  
19 pleno da Agrupación dentro dos dous meses de producida a solicitude. Unha vez realizado  
20 este trámite remitirase acta de acordos do pleno da agrupación xunto á ficha de afiliación  
21 ao DAR quen dará de alta ao novo militante.
- 22 3- En caso de conflito ao ser rexeitado pola Asemblea, decidirá en última instancia, o Comité  
23 Central do PCG, previo informe do Comité da Agrupación oída a persoa solicitante. O  
24 ingreso supón o dereito e o deber de adscribirse á organización correspondente de EU.  
25 Pertencer ao PCG implica o deber de participar en EU.
- 26 4- En caso de solicitar a alta unha persoa que con anterioridade desempeñase cargos de  
27 responsabilidade noutro partido, a decisión correspóndelle ao Comité Central do PCG.
- 28 5- En caso dunha petición colectiva de afiliación será estudada e resolta polo Comité Central  
29 do PCG.
- 30 6- Se a persoa solicitante tivese pertencido ao PCG con anterioridade, darase conta ao órgano  
31 inmediato superior o cal ratificará ou non o seu ingreso.
- 32 7- A persoas militantes da XCG que promocionan ao Partido serán dadas de alta  
33 automaticamente no PCG, pasando a militar na agrupación que lles correspondese, sen  
34 necesidade de cumprir o trámite anterior.

#### 35 **Artigo 5.**

- 1- O carné é o documento que acredita a afiliación ao PCG, e representa o vencello que compromete o seu titular coa organización. Para obtelo, una vez se acepte o seu ingreso ao PCG, o nova persoa militante deberá cumprimentar a ficha de afiliación e domiciliar o pago da súa cota, que será xestionada a través do DAR.
- 2- Ás novas afiliacións, no intre de formalizar a súa incorporación, entregaráselles unha copia dos Estatutos e dos documentos congresuais vixentes, quedando automaticamente subscritos ao Mundo Obreiro. Así mesmo, invitaráselles a subscribirse a Utopías-Nuestra Bandera.

## Capítulo segundo. O censo dos militantes

### **Artigo 6.**

- 1- Todos os Comités do Partido están na obriga a manter actualizados os censos da afiliación das súas organizacións respectivas.
- 2- O DAR é a ferramenta fundamental para a xestión da afiliación, que debe garantir, de maneira neutral e autónoma, a adscripción, o cobro, a distribución da cota correspondente ás distintas estruturas e a liquidación de todas e cada una das cotas satisfeitas pola afiliación de acordo aos Estatutos do PCE e o seu Regulamento.

## Capítulo terceiro. A perda da condición de militante

### **Artigo 7.** A baixa na condición de persoa afiliada producirase:

- 1- Pola libre decisión da persoa afiliada, manifestada expresamente por escrito.
- 2- Pola libre decisión da persoa afiliada, manifestada de maneira tácita. Entenderase que se produce tal decisión cando a persoa afiliada, tras oito meses en situación de Baixa por Impago no DAR e tras ser requirida por escrito o aboamento das cotas pendentes, rexeite aboar as cotas pendentes. Nestes casos entenderase que concorre una decisión tácita de causar baixa. As persoas afectadas por esta modalidade de baixa deberán ser requiridas non obstante, pasado un tempo, a efectos de procurar a súa reincorporación. Aquelas persoas que desexen volver darse de alta deberán aboar as cotas atrasadas desde o último proceso congresual (federal, autonómico, local ou de base) ou esperar a que estes se celebren e así comezar a cotizar desde o mes no que se dea novamente de alta.
- 3- Por resolución sancionadora e firme dos órganos competentes do PCG e do PCE.
- 4- Por sentenza firme no caso da comisión dun delito que vaia en contra dos principios defendidos polo Partido.
- 5- Por defunción.

## **Título III. Dereitos e deberes da militancia**

### Capítulo primeiro. Dereitos da militancia

### **Artigo 8.** Toda a militancia do Partido ten dereito a:

- 1- Participar con voz e voto nas xuntanzas, actividades e decisións da agrupación onde se milita e en todos os órganos para os que é elixido.

- 1 2- Elixir e ser elixido/a para os órganos de coordinación e dirección, para o que deberase estar  
2 ao corrente no pago das cotas, en situación de activos correntes ou debedores ( sempre  
3 que aboaran a cota inmediatamente anterior) no DAR.
- 4 3- Coñecer as variacións no seu estado con respecto ao DAR, especialmente cando se adquiera  
5 a condición de Baixa por Impago.
- 6 4- Recibir información regular e puntual dos acordos, orientacións, actividades e situación  
7 económica do Partido. Recibir Mundo Obrero con cargo á cota.
- 8 5- Recibir formación teórica, política e cultural.
- 9 6- Formular peticións, suxestións ou cuestións de interese aos órganos de dirección e esixir  
10 resposta nun prazo máximo dun mes, ou dous se é diante do Comité Federal do PCE.
- 11 7- Coñecer con exactitude as críticas ou imputacións feitas sobre as súas actuacións, contar  
12 con medios axeitados de defensa e facer valer os seus dereitos diante dos órganos  
13 colectivos ou comités de ámbito superior, conforme cos tempos previstos nos Estatutos.
- 14 8- Expresar de xeito libre as opinións con relación ás propostas e decisións a debater nos  
15 órganos do Partido. O dereito aquí recoñecido terá a máxima protección cando se  
16 desenvolva no ámbito interno da organización. A protección á divulgación externa de  
17 opinións individuais darase tamén nos procesos previos á adopción das decisións ou  
18 posicionamentos políticos.
- 19 9- Valorar nas xuntanzas do Partido o traballo dos órganos de dirección e de calquera  
20 membro do Partido, con independencia do posto que ocupe. Cada camarada ten dereito a  
21 soste no Partido a súa propia opinión, aínda que estea en desacordo coa opinión  
22 maioritaria, pero debe actuar acatando e desenvolvendo as directrices e decisións  
23 adoptadas por esixencia democrática de respecto ao resto de camaradas, de lealdade ao  
24 Partido e a favor da cohesión, unión e fortaleza do mesmo.
- 25 10- Recibir protección, incluso xurídica, en caso de ataques inxustos pola súa actividade política  
26 na forma que decida a dirección competente.
- 27 11- Coñecer a lista completa do censo de afiliación da súa agrupación de base, así como o  
28 número de adscricións na súa federación e no conxunto do Estado.
- 29 12- A confidencialidade dos datos persoais que poña en coñecemento do PCG, que unicamente  
30 serán usados para o normal desenvolvemento da actividade polo PCG conforme a legalidade  
31 vixente nesta materia, así como a esixir a súa facultade de acceso, rectificación,  
32 cancelación e oposición con respecto aos referidos datos.
- 33 13- Aqueles outros que sexan recoñecidos pola lei e polos presentes estatutos.

## 34 Capítulo segundo. Deberes da militancia

35 **Artigo 9.** Toda persoa afiliada do PCG asume deberes que se deduce da súa liña política, os  
36 principios básicos de funcionamento e os presentes estatutos. Son deberes dos membros do  
37 Partido:

- 38 1- Participar nas xuntanzas da súa agrupación e realizar as tarefas que asuma de xeito  
39 voluntario.
- 40 2- Coñecer, difundir , defender e aplicar a política do Partido.
- 41 3- Ler, soste, apoiar e difundir os medios de expresión do Partido, facendo propostas para  
42 melloralos. Cumprir coas obrigas derivadas dos postos de responsabilidade que puidese  
43 ocupar.
- 44 4- Respetar, cumprindo e facendo cumprir, os acordos políticos e orgánicos do Partido.
- 45 5- Absterse de facer declaracións, sexan a título individual ou colectivo, nos medios de  
46 comunicación sempre que as mesmas atenten contra os principios, políticas e acordos

- 1 adoptados polo Partido, así como as que descualifiquen de forma directa ou indirecta a  
2 calquera camarada ou órgano do Partido.
- 3 6- Satisfacer, mediante domiciliación bancaria, a través do DAR, a cota establecida nos  
4 presentes Estatutos. No caso de que a persoa militante, por razóns previamente  
5 xustificadas, non puidera domiciliar a súa cota, o DAR artellará os mecanismos que  
6 considere necesarios para que dita cota sexa aboada pola persoa militante en tempo e  
7 forma.
- 8 7- Colaborar na tarefa de actualización dos datos que de maneira regular se leve a cabo polo  
9 Partido, facilitando tanta información e documentación sexa necesaria.
- 10 8- Apoiar en calquera fronte de masas ou ámbito de traballo do Partido as posicións políticas  
11 e as candidaturas, se as houbera, decididas de maneira orgánica en cada caso polo órgano  
12 competente do Partido.

## 13 **Título IV. Normas xerais de funcionamento**

14 **Artigo 10.** O funcionamento do PCG responde ás regras democráticas segundo os principios de  
15 democracia interna, dirección colectiva, acción unitaria e cohesión.

16 **Artigo 11. Democracia interna.**

- 17 1- A toma de decisións e a súa aplicación, unha vez adoptadas, deben ser froito da máis ampla  
18 e libre participación da militancia nun debate de abaixo arriba e de arriba abaixo. A crítica e  
19 a autocrítica deben conducir ao debate político necesario e a súa posterior síntese, que  
20 non é a mera imposición da maioría nun momento determinado, senón a habilidade para  
21 atopar unha resultante dialéctica. A democracia interna susténtase no respecto  
22 escrupuloso dos acordos e as decisións tomadas.
- 23 2- O PCG recoñece a igualdade de todas as persoas afiliadas do Partido, con independencia  
24 das funcións que exerzan na organización.
- 25 3- Todas as persoas elixidas para formar parte dun órgano de dirección poden ser revogadas  
26 polo mesmo órgano.
- 27 4- O PCG establece o principio de igualdade de xéneros como base do seu funcionamento e  
28 recoñecemento da participación paritaria de mulleres e homes como canle da súa  
29 representación pública e orgánica.
- 30 5- Nos temas de gran importancia ou que atinxan á liña estratéxica do PCG convocarase un  
31 referendo, cuxo resultado será vinculante. A súa convocatoria será a instancias do Comité  
32 Central ou á petición de polo menos tres Agrupacións Comarcais que representen 1/3 da  
33 afiliación. Á petición de comezo dunha Agrupación poderanse adherir outras, no prazo dun  
34 mes, ata acadar a porcentaxe sinalada. Tanto a proposta como a celebración do referendo  
35 deberán ir precedidas dunha campaña específica de información e debate.

36 **Artigo 12.** Dirección colectiva.

- 37 1- Todos os órganos do PCG desenvolverán a súa actividade de acordo co principio da  
38 dirección colectiva, para o que adecuarán os métodos de traballo internos que permitan a  
39 máxima participación dos seus membros nas fases de debate, resolución e execución. Para  
40 maior eficacia, os comités do Partido crearán as secretarías que requiran cada un dos  
41 aspectos esenciais do traballo de dirección. Regularase o funcionamento dos órganos de  
42 dirección do Partido.

- 1 2- O PCG implicará ao maior número posible da súa militancia na asunción de  
2 responsabilidades. O número de mandatos consecutivos non deberá exceder de tres para  
3 os cargos internos do Partido, sendo necesaria a súa elección polo 65% do órgano  
4 correspondente para optar a novos mandatos, agás nos comités locais e de agrupación  
5 mediante acordo motivado e coa autorización do Comité Central.  
6 3- Non se poderá pertencer a máis de tres niveis de dirección, nin ter neles máis de dúas  
7 responsabilidades

8 **Artigo 13.** A acción unitaria das e dos comunistas.

- 9 1- O PCG, e a súa militancia, actuará de maneira colectiva e organizada en calquera espazo  
10 plural que se articule, achegando a súa política como colectivo en función do acordado  
11 polos órganos de dirección, expresión dos acordos acadados a partires do máis amplo  
12 debate. O cumprimento dos acordos, xunto á rendición de contas é a materialización da  
13 acción unitaria das e dos comunistas.

14 **Artigo 14.** A cohesión.

15 Baséase nos principios da democracia interna, a dirección colectiva e a acción unitaria. Por  
16 conseguinte:

- 17 1- As organizacións do PCG teñen autonomía para actuar no ámbito das súas competencias  
18 de acordo coa política e os estatutos do Partido.  
19 2- Todos os órganos do PCG serán elixidos de maneira democrática e funcionar e decidir de  
20 xeito colectivo de acordo co establecido nos presentes Estatutos.  
21 3- Os acordos deben adoptarse procurando á máxima participación e a síntese de opinións.  
22 4- É principio básico para a militancia, e máis esixente para os dirixentes o acatar e cumprir  
23 os acordos congresuais e os dos órganos de dirección correspondentes, acordos que deben  
24 ser aplicados por toda a organización.  
25 5- Os acordos e resolucións dos órganos superiores son de obrigado cumprimento para os  
26 inferiores sen prexuízo do dereito a manifestar a súa opinión internamente sobre os  
27 mesmos.  
28 6- Os órganos de dirección veñen na obriga de render contas e presentar balances do  
29 cumprimento dos acordos democraticamente aprobados ante os comités superiores e  
30 estes, a presentar un informe – balance anual.  
31 7- Deben ser combatidas tanto as tendencias centralizadoras que diminúen a capacidade e  
32 iniciativa dos órganos inferiores como as tendencias localistas que prexudican a unidade de  
33 acción, a eficacia e os intereses xerais do Partido.  
34 8- No funcionamento dos órganos do Partido aplicarase o método de crítica e autocrítica.

35 **Artigo 15.** A cohesión é obrigada para todas as persoas afiliadas do Partido con independencia  
36 das súas funcións ou responsabilidades desempeñadas. As persoas con responsabilidades na  
37 dirección, sexa no Partido ou sexa nos proxectos plurais nos que participamos, e/ou que ocupen  
38 cargos institucionais, veñen obrigadas en especial a conducir as súas actuacións coidando a  
39 cohesión interna, comprometéndose coa aplicación da política aprobada no seo do Partido.

40 **Artigo 16.** Está prohibida a constitución de correntes dentro do Partido. A afiliación do PCG non  
41 poderá formar parte en correntes dentro dos proxectos plurais nos que participa a non ser que  
42 medie unha decisión dos órganos de dirección do Partido.

1 **Artigo 17.** Os acordos e resolucións adoptados nos órganos do Partido serán reseñados por escrito  
2 ou en acta para garantir o seu cumprimento e comunicados ao órgano superior inmediato. Actas e  
3 acordos que estarán ao dispor de calquera camarada ou órgano do Partido que os solicite. Os  
4 órganos de dirección aseguraranse de que a militancia teña a documentación aprobada nun prazo  
5 máximo de 15 días.

6 **Artigo 18.** Sobre os procesos congresuais.

- 7 1- Para garantir as recuperacións de baixa e reclamacións da militancia a convocatoria farase  
8 polo Comité Central con 5 meses de antelación, en dita convocatoria establecerase tamén,  
9 a data de peche de censos que será de dous meses anterior á data da celebración do  
10 Congreso.
- 11 2- As normas e os documentos a debate serán aprobados polo Comité Central cunha  
12 antelación, como máximo de tres meses. Aquelas enmendadas rexeitadas pola ponencia e  
13 que obteñan o 25% dos votos no Comité Central deberán ser publicadas xunto aos  
14 documentos maioritarios. Nos procesos de debate aseguraranse aos seus propoñentes a  
15 defensa das mesmas.
- 16 3- Para facilitar a máxima participación e a transparencia de todos os procesos congresuais,  
17 una vez realizada a convocatoria exporase, durante un mínimo de 15 días, en todas as  
18 Agrupacións o censo correspondente. Todas as reclamacións e solicitudes de recuperación  
19 de baixa serán tramitadas e resoltas no prazo de 7 días desde a súa interposición. A persoa  
20 reclamante, senón estivera de acordo coa resolución, poderá recorrer a una segunda  
21 instancia en función do establecido no presente artigo.
- 22 4- A distribución de delegados e delegadas farase según a media de cotizantes desde o último  
23 Congreso ,que se elixirán con criterios de proporcionalidade de cada Agrupación. O órgano  
24 convocante deberá determinar nas normas que regulen o proceso o número total de  
25 delegados e delegadas, puidendo haber un máximo de natos dun 10% do total.
- 26 5- As normas aprobadas polo Comité Central poderán incluír, a asistencia e participación da  
27 militancia convidada, con voz pero sen voto, no debate dos documentos congresuais.
- 28 6- Terán dereito a participar aquelas persoas militantes que no censo certificado polo DAR  
29 figuren en situación Activos Correntes ou Debedores que aboarán a cota anterior. Si estes  
30 últimos antes da celebración do Congreso pasaran a situación de Baixa por Impago  
31 perderán os seus dereitos e se foran sido elixidos como delegados deberán ser substituídos  
32 polo suplente correspondente.
- 33 7- O debate será organizado de forma que se garanta a presentación e explicación dos textos  
34 que se somenten a debate. Do resultado dos mesmos eleboraranse enmendadas, propostas e  
35 reolucións que se pasarán ao nivel organizativo seguinte por acordo maioritario. Só  
36 poderán ser enmendados os textos acordados polo Comité Central. As minoritarias  
37 pasarán como tales sempre que obteñan un 25% dos votos.
- 38 8- A elección dos delegados e das delegadas realizarase mediante a busca do acordo e o  
39 consenso. Si este non se producira poderán presentarse listas pechadas e bloqueadas e  
40 non necesariamente completas, co polo menos o aval do 10% dos delgados presentes no  
41 Congreso. A distribución definitiva asignarase proporcionalmente ao número de votos  
42 obtidos por cada candidatura. As votacións para as candidaturas realizaranse sempre  
43 mediante voto secreto.
- 44 9- Na presentación de candidaturas deben terse en conta os principios de paridade, as  
45 candidaturas deberán ser paritarias e de cremalleira.

## 1 **Título V. Carácter Federal do PCG.**

2 **Artigo 19.** O PCG é o Partido dos e das comunistas galegos, e desde esta personalidade política  
3 propia, fedérase e forma parte integrante do PCE. Polo tanto:

- 4 1- Fundamenta a súa Federación ao PCE nos principios de solidariedade e  
5 corresponsabilidade democrática dentro dun proxecto común no conxunto do Estado.
- 6 2- Articula política e organizativamente as agrupacións e comités locais e comarcais en  
7 Galicia.
- 8 3- Traballa politicamente na defensa das liberdades nacionais de Galicia e na articulación do  
9 noso país no marco un estado federal respectuoso e solidario coas personalidades  
10 nacionais diferenciadas do Estado Español.
- 11 4- Coparticipa cos seus representantes nos órganos de dirección Federal e os seus delegados  
12 e delegadas nos Congresos e Conferencias do PCE, á elaboración da política a nivel estatal  
13 do PCE.
- 14 5- Elabora e aplica a política no ámbito de Galicia de acordo coas liñas xerais marcadas a nivel  
15 de Congresos e Órganos Federais de dirección do PCE. Os Estatutos federais son  
16 vinculantes para o PCG.
- 17 6- Elabora os seus propios Estatutos, os cales deben estar en liña e ser compatibles cos do  
18 PCE.
- 19 7- Os seus membros , que tamén o son do PCE, participan nos Congresos deste, elixen e son  
20 elixidos para formar parte do seus órganos de dirección.
- 21 8- Elixen os seus representantes no Comité Federal del PCE.
- 22 9- Celebra os seus propios Congresos, tanto ordinarios, no proceso do Congreso do PCE,  
23 como extraordinarios. No Congreso ordinario, nunha primeira fase, elixe os seus delegados  
24 e delegadas ao Congreso do PCE. Na segunda fase aproba a política xeral do PCG, dentro  
25 do marco da política xeral aprobada polo Congreso do PCE, e elixe os seus órganos de  
26 dirección.
- 27 10- Elixen e organiza os seus órganos de dirección e Comisión de Estatutos.
- 28 11- Administra os seus propios recursos e axuda a administrar o patrimonio do PCE en Galicia.  
29

## 30 **Título VI. Órganos do PCG.**

### 31 **Capítulo primeiro. As agrupacións**

32 **Artigo 20.**

- 33 1- A agrupación é a organización base do Partido. Poderán ser de carácter territorial,  
34 sectorial, de centro de traballo ou estudo. A súa tarefa principal é a aplicación da política  
35 do Partido, o desenvolvemento no seu ámbito e a elevación de propostas así mesmo da  
36 extensión e desenvolvemento organizativo.
- 37 2- As Agrupacións de carácter territorial estrutúranse en Agrupacións Locais e Comarcais.
- 38 3- O Comité Central do PCG decidirá o ámbito territorial das Agrupacións Comarcais.
- 39 4- A agrupación constitúe o espazo de traballo, reflexión, debate colectivo e formación das e  
40 dos camaradas para fornecer a nosa militancia da organización e coñecementos para a  
41 loita no movemento obreiro, os sectores populares e as súas organizacións sociais e  
42 culturais é o soporte organizativo esencial para promover, dirixir e desenvolver a loita e a  
43 acción política e social.



- 1 5- Todos os membros do PCG deben militar nunha Agrupación. Estas constitúense con, polo  
2 menos cinco militantes en situación de activos correntes no DAR.
- 3 6- A agrupación reunirse cunha periodicidade, polo menos bimesual, ou a petición dun 10%  
4 da afiliación.
- 5 7- Con carácter anual celebrarase unha Conferencia para facer balance e proceder a elección  
6 ou ratificación do Comité de dirección. O Comité saínte deberá presentar un informe  
7 valorando a súa actividade e traballo e deberá estar presente un/ha membro do Comité  
8 superior que non pertenza á Agrupación. Os acordos que se produzan serán recollidos en  
9 acta e se notificará á secretaría de organización del Comité superior para o seu  
10 coñecemento.
- 11 8- Ante a inactividade manifesta dunha Agupación, o Comité superior, tras procurar estimular  
12 o seu funcionamento, convocará no prazo máximo de tres meses, una conferencia  
13 extraordinaria para proceder á elección dun novo Comité da Agrupación inactiva.

#### 14 **Artigo 21.** Estrutura territorial do PCG

15 As Agrupacións locais do PCG estrtúranse segundo a distribución territorial comarcal da  
16 Xunta de Galicia. O Comité Central poderá variar esta distribución territorial, previo informe dos  
17 comité comarcais implicados. As Agrupacións comarcais poderán incorporar ás persoas afiliadas  
18 daquelas comarcas limítrofes onde non se reúnan as condicións para crear agrupación comarcal  
19 de acordo cos requisitos establecidos nestes Estatutos, seguindo os criterios do Comité Central,  
20 este poderá aprobar a fusión de Agrupacións Comarcais, a proposta dos Comités Comarcais  
21 afectados. O acordo poderá levar consigo o cambio de denominación comarcal. Todos os concellos  
22 de Galicia estarán adscritos a unha estrutura comarcal. Será competencia do Comité Central  
23 adscribir os concellos de Galicia ás diferentes estruturas comarcais.

#### 24 **Artigo 22.** Son funcións das agrupacións as seguintes:

- 25 • Coñecer, debater, defender e difundir os acordos e campañas da dirección do Partido, e  
26 aplicalos en función das características da súa contorna.
- 27 • Participar na elaboración da liña política do Partido e elevar iniciativas e propostas de  
28 traballo para a súa toma en consideración polos órganos superiores.
- 29 • Aprobar, modificar ou rexeitar as propostas do seu Comité.
- 30 • Esforzarse por coñecer os problemas do seu ámbito de intervención, analizalos e traducilos  
31 en iniciativas e accións políticas concretas.
- 32 • Encabezar as loitas dos sectores populares para a mellora das súas condicións de vida e  
33 pola transformación da situación política e social no senso da ampliación da democracia e a  
34 favor dos obxectivos do Partido.
- 35 • Coñecer as organizacións sociais e culturais existentes no seu ámbito e relacionarse con  
36 elas. Coordinar e impulsar á participación da militancia nos movementos sociais do seu  
37 ámbito.
- 38 • Concretar os plans de traballo das direccións superiores.
- 39 • Desenvolver unha activa política de finanzas que sirva a desenvolver os obxectivos do  
40 Partido.
- 41 • Difundir Mundo Obrero, Nuestra Bandera e A voz do Pobo garantindo a súa presenza en  
42 calquera actividade do Partido
- 43 • Desenvolver un plan de afiliación coidando en particular da incorporación de mulleres sexa  
44 cal sexa a súa situación laboral.
- 45 • Coidar da creación e o afortalamiento da XCG no seu ámbito de actuación.

- 1 • Organizar anualmente o acto de entrega de carnés, e coidar da actualización dos censos e
- 2 cotizacións.
- 3 • Levar adiante plans de formación, dando traslado ao seu nivel dos aprobados nos órganos
- 4 superiores.
- 5 • Participar en cantos frontes de traballo se organicen desde as direccións superiores.
- 6 • Participar en cantas mobilizacións convoque o Partido.
- 7 • Organizar actividades culturais e de lecer.
- 8 • Asignar a cada militante unha tarefa concreta e proporcionarlle a formación necesaria,
- 9 para cumprir esa tarefa, da que deberá render contas.
- 10 • Fomentar unha política de desenvolvemento de cadros.
- 11 • Participar en cantos frontes de traballo se organicen desde as dirección superiores.
- 12 • Xestionar o DAR da súa Agrupación.
- 13 • Elixir un representante para o Comité Central.

## 14 Capítulo segundo. Os Comités das Agrupacións

### 15 **Artigo 23.**

- 16 **1-** Os Comités de Agrupación son os órganos elixidos que desenvolven a política do Partido de
- 17 maneira creativa no seu ámbito de competencia e asumen a función de coordinación e
- 18 orientación das propostas do Partido. Están na obriga de desenvolver e pór en práctica as
- 19 resolucións propostas e acordadas nas agrupacións e nos órganos correspondentes ao seu
- 20 ámbito e superiores. Os seus acordos non poderán contradicir aos dos órganos superiores.
- 21 **2-** Estará composto, polo menos por 3 membros.
- 22 **3-** Fixarán as súas secretarías segundo as súas propias circunstancias, mais en todo caso,
- 23 contarán coas seguintes: organización, finanzas, formación, muller e movemento obreiro.
- 24 **4-** A súa elección ou ratificación realizarase nos Congresos e Conferencias correspondentes ao
- 25 seu ámbito. A conferencia ordinaria da Agrupación será anual, neles participará a XCG cun
- 26 “cupo político” con dereito a voz e voto.
- 27 **5-** Reunirase, polo menos cunha periodicidade dunha vez ao mes.

### 28 **Artigo 24. Funcións dos Comités de Agrupación**

- 29 • Organizar o traballo da Agrupación, creando as secretarías necesarias
- 30 • Convocar os Plenos da Agrupación con proposta de orde do día
- 31 • Levantar actas das reunión e trasladalas ao Comité superior e a militancia da súa
- 32 organización
- 33 • Velar pola aplicación da política do partido e dos acordos dos órganos superiores
- 34 • Manter a relación cos órganos de dirección de forma que estes coñezan a actividade e
- 35 opinión da Agrupación e esta, os acordos daqueles.
- 36 • Facilitar á Agrupación a información necesaria para a realización da súa actividade política.
- 37 • Traballar para que a militancia estea ao corrente no pago das súas cotas e informar
- 38 periodicamente á Agrupación do estado de contas elaborando un balance económico
- 39 anual.
- 40 • Concretar e facer seguimento dos plans de traballo no ámbito da súa Agrupación,
- 41 adaptando a súa realidade a política e estratexia.
- 42 • Cumprimentar a ficha da Agrupación e informar de calquera cambio nos datos
- 43 transmitidos.

- 1 • Fomentar a creación de grupos de traballo por fronteiras que deberían articularse en torno ás  
2 distintas secretarías. Formar cuadros para a participación nos fronteiras de traballo propostos  
3 polos órganos superiores.
- 4 • Organizar a difusión da prensa do partido na súa contorna, tendo en conta que a difusión  
5 cotiá da prensa, dos nosos boletíns, persegue como obxectivo, ademais de chegar ás mans  
6 da nosa militancia, que estes o transladen á sociedade.
- 7 • Ocuparse de que a formación política e ideolóxica da militancia sexa permanente,  
8 concretando un plan de formación que axude a elevar o nivel e a capacidade de  
9 intervención dos e das militantes, que estes a transladen á sociedade.
- 10 • Esforzarse por coñecer a súa contorna e a problemática sociolaboral da mesma,  
11 relacionándose co seu tecido asociativo e fomentando nel a participación das súa  
12 militancia.
- 13 • Coñecer a militancia do Partido e promocionalos no seu seo na función da súa valía,  
14 capacidades, dispoñibilidade, entrega, formación e encaixe do seu comportamento nos  
15 principios básicos da ética comunista, honestidade, disciplina, coherencia, compromiso  
16 militante, coñecemento da teoría e a praxe comunista, iniciativa, autocrítica e respecto ao  
17 Partido.
- 18 • Manter unha relación coas persoas simpatizantes e colaboradoras para actuar de forma  
19 que estas podan estar ao corrente da actividade da Agrupación e a política do Partido.
- 20 • Realizar un informe anual valorando a súa actividade e traballo, que someterá á aprobación  
21 da Agrupación e enviará á secretaría de organización do comité superior.

22 **Artículo 25.** O Comité elixe no seu seo, co voto dos seus componentes, a persoa Secretaria  
23 Política e as demais Secretarías. O seu traballo baséase nos principios de discusión e decisión  
24 colectiva. Ante a Agrupación e os órganos superiores o comité responde colectivamente do seu  
25 traballo

### 26 Capítulo terceiro. O Comité Central

27 **Artigo 26.** O Comité Central é o órgano superior do Partido entre Congresos, asume no grao  
28 máximo as obrigas derivadas dos acordos e resolucións congresuais e os das Conferencias  
29 Nacionais, así mesmo, de todas as obrigas relativas a desenvolver a política do Partido e a atención  
30 e coordinación de todos os órganos e camaradas.

- 31 1- Como órgano superior de goberno, representación, administración e disposición do  
32 Partido, ten as máis amplas facultades que en dereito se requiran, sen limitación para  
33 realizar calquera acto ou negocio xurídico e para a plena actuación ante os tribunais de  
34 calquera clase e xurisdición no ámbito galego, e pode outorgar toda clase de poderes  
35 ou delegar facultades relacionadas -comprendida esta última – nos órganos do Partido,  
36 así como revogar unhas e outras.
- 37 2- O Comité Central componse:
  - 38 - Un máximo de 20 membros elixidos no Congreso Nacional, o seu número será  
39 fixado por este.
  - 40 - Unha persoa elixida por cada Agrupación Comarcal
  - 41 - A persoa Secretaria Xeral das XCG
- 42 3- O Comité Central organizará as responsabilidades e comisións que precise. Escollerá  
43 entre os seus membros a representación correspondente no Comité Federal. O Comité  
44 Central reunirse tantas veces o considere necesario, cun mínimo de catro  
45 convocatorias anuais. As reunións do Comité Central serán convocadas polo Comité

- 1           Executivo. Tamén se convocará a petición dun terzo dos seus integrantes. As reunións  
2 do Comité Central poderase convidar, con voz pero sen voto as persoas que se estime  
3 convenientes, previa proposta do Comité Executivo. Levantarase acta de todas as  
4 xuntanzas nas que conste de maneira expresa a relación de asistentes e os acordos  
5 adoptados; serán remitidas a todos os membros do Comité Central e dos Comités de  
6 agrupación.
- 7           4- Os cargos políticos remunerados terán a duración temporal correspondente ao  
8 mandato do Comité Central. A contratación de persoal administrativo será polo sistema  
9 de oposición restrinxida e pública no Partido, cun tribunal composto por 5 membros do  
10 Comité Central.
- 11           5- O Comité Central celebrará Conferencias Nacionais para o debate e ulteriores  
12 propostas sobre temas políticos con carácter monográfico cantas veces sexa necesario  
13 e polo menos unha vez ao ano. As Conferencias convócaas o Comité Central. Asisten as  
14 e os membros do Comité Central e máis, as e os camaradas elixidas segundo a  
15 normativa aprobada para a devandita convocatoria. A Conferencia Nacional non terá  
16 competencias para a elección de órganos. Na calidade de persoas convidadas, con voz e  
17 sen voto, poderán asistir ás Conferencias Nacionais as persoas que garden relación cos  
18 temas obxecto da Conferencia, previa proposta do Comité Central.

#### 19 **Artigo 27. Son competencias do Comité Central:**

- 20           • Dirixir o traballo político do PCG e avaliar a marcha política do Partido.  
21           • Organizar e convocar o Congreso do PCG.  
22           • Ratificar no seu primeiro Plenario a persoa Secretaria Xeral do PCG.  
23           • Elixir de entre os seus membros os integrantes do Comité Executivo.  
24           • Acordar someter a referendo aquelas cuestións que se consideren de interese.  
25           • Discutir e aprobar no seu caso o informe da Secretaría Xeral que será presentado en nome  
26 do Comité Executivo.  
27           • Aprobar o orzamento e balance anual do PCG.  
28           • Cubrir as vacantes que se produzan no seo do Comité Executivo até o seguinte Congreso,  
29 incluída a Secretaría Xeral.  
30           • Presentar anualmente un balance de xestión perante o conxunto do Partido, para ser  
31 difundido ao través dos comités de agrupación.  
32           • Editar e publicar A voz do Pobo, según as posibilidades orzamentarias.  
33           • Nomear a Comisión que organice a Festa do PCG.

#### 34 **Capítulo cuarto. O Comité Executivo**

35 **Artigo 28.** Garante as tarefas de dirección do Partido entre xuntanza e xuntanza do Comité Central  
36 diante do que responde. Componse da Secretaría Xeral e dun número de camaradas que non  
37 exceda o 50% do Comité Central. As reunións serán mensuais.

#### 38 **Capítulo quinto. A Secretaría Xeral do PCG**

39 **Artigo 29.** Elíxese polo Comité Central na seu primeiro plenario. Correspóndelle garantir a  
40 dirección e a coordinación do traballo colectivo; presidir as xuntanzas do Comité Central e do  
41 Comité Executivo, podendo delegar circunstancialmente a presidencia noutro camarada do  
42 Comité Central. No funcionamento público do Partido é o seu representante máximo, agás no  
43 período de celebración do Congreso Nacional.

## Capítulo sexto. O Congreso Nacional do PCG

1

2 **Artigo 30.** O Congreso do PCG é o seu órgano supremo. Poderá ter carácter ordinario ou  
3 extraordinario. O Congreso será convocado polo Comité Central, que determina a súa data,  
4 duración e normas. O Congreso ordinario celébrase cada catro anos, agás razóns de forza maior.  
5 O Congreso extraordinario convocarase a instancias do Comité Central ou do apoio de polo  
6 menos, un terzo da afiliación.

7 Será deber dos órganos do Partido no marco dos debates congresuais o achegar para a súa análise  
8 nas agrupacións de base, xunto os documentos políticos, o Informe de Xestión, que analice o labor  
9 político concreto realizado polas secretarías e órganos de dirección con responsabilidade na  
10 xestión.

11 Acordada a convocatoria do Congreso Nacional, distribuiranse os materiais de discusión e  
12 proxectos elaborados cunha antelación mínima de dous meses respecto á celebración do  
13 Congreso, coa finalidade de garantir o tempo suficiente para un debate o máis amplo e  
14 participativo posible.

15 A celebración do Congreso Nacional do PCG procurará ter a máxima transparencia e a maior  
16 difusión nos medios de comunicación sociais.

17 **Artigo 31.** O Congreso Nacional do PCG estará composto pola militancia elixida para este fin  
18 segundo as normas aprobadas polo Comité Central. O seu número se determinará en proporción a  
19 afiliación. A circunscrición será a agrupación.

20 Serán membros natos as e os integrantes do Comité Executivo. As delegacións compóranse  
21 respectando as porcentaxes das votacións. Na sesión de apertura, a proposta do Comité Central  
22 saínte elixírase unha Mesa Presidencial, que asume a dirección do Partido ata a elección do novo  
23 Comité Central. A Mesa Presidencial someterá a aprobación o regulamento do Congreso proposto  
24 polo Comité Central saínte. Ás sesións do Congreso asistirán como persoas convidadas, a proposta  
25 do Comité Central, as persoas afiliadas que se estime conveniente, así mesmo das representacións  
26 doutros partidos, movementos, delegacións ou institucións.

27 **Artigo 32. Competencias do Congreso Nacional do PCG:**

- 28
- 29 • Elaborar as propostas políticas do partido para o noso país.
  - 30 • Discutir e, no seu caso, aprobar o informe de xestión do Comité Central.
  - 31 • Examinar o informe de xestión económica e plan de financiamento.
  - 32 • Examinar as cuestións estatutarias e, no seu caso, reformar os Estatutos.
  - 33 • Elixir, mediante voto secreto, directo e persoal, ao novo Comité Central e os seus  
34 suplentes, que se incorporarán como membros efectivos cubrindo as baixas caso de  
35 habelas.
  - Elixir a Comisión de Estatutos.

## 36 **Título VII. As finanzas do PCG.**

37 **Artigo 33.**

- 1- O financiamento do PCG responde aos principios de transparencia económica, solidariedade, austeridade e corresponsabilidade do conxunto da militancia. Os recursos proveñen das cotizacións da afiliación, segundo os acordos do Comité Central, das achegas voluntarias da afiliación e simpatizantes, das actividades realizadas a tal fin, dos rendementos do seu patrimonio e actividades, dos ingresos previstos na lexislación sobre financiamento dos partidos políticos, da participación nos ingresos de EU ao través dos protocolos financeiros e da participación na Festa do PCE e da organización da Festa do PCG.
- 2- A comisión de Organización e Finanzas presentará ao Comité Central a rendición de contas do exercicio rematado durante o primeiro semestre do ano seguinte para o control e aprobación no seu caso. Para a execución do orzamento e a aprobación de gastos creárase a Comisión de Organización e Finanzas, composta polas persoas responsables de organización e finanzas no Comité Executivo e polas persoas responsables respectivas nas agrupacións comarcais,. Súas son as seguintes competencias:
- presentación para a súa aprobación do orzamento.
  - presentar a rendición de contas.
  - aprobar os gastos do Comité Central.
  - presentar ao Comité Central as modificacións orzamentarias.
- 3- O PCG funcionará cun orzamento anual aprobado polo Comité Central dentro do primeiro trimestre .
- 4- O Comité Central fixará as bases de execución e os criterios xerais para a configuración dos orzamentos de todas as organizacións do Partido.
- 5- O pago da cota pola afiliación establécese nos seguintes termos:
- A tendencia será aboar o 1% do salario neto ou dos ingresos netos recibidos.
  - A cota mínima será de 5 euros. Establécese una cota reducida de 3 euros para militantes sen ingresos ou situación económica precaria. Esta cota será xustificada, revisable, temporal e controlada pola organización

Establécese una cota extraordinaria para a militancia do PCG, cargos institucionais, liberados/as políticos ou quen exerza calquera tipo de representación institucional. A contía desta cota extraordinaria debe ir en función dos ingresos reais que perciba. O Comité Central establecerá a súa contía, e garantirá o pago da mesma. A distribución porcentual da cota será dun 25% para o Comité Federal, un 50% para as agrupacións e un 25% para o Comité Central. 1 euro será para o sostemento de Mundo Obreiro, ou sexa que a cota mínima suma en total 6 euros.

- 6- O patrimonio do PCG cédesse, por decisión voluntaria e soberana, ao PCE para a súa administración e rexistro, nas mesmas condicións que o resto das federacións do Partido.

## **Título VIII. Resolución de conflitos, faltas e expedientes sancionadores**

### **Artigo 34.**

Na resolución de conflitos, de expedientes sancionadores e de faltas e a súa prescripción procederase de acordo co establecido nos estatutos federais vixentes.

1 O procedemento sancionador atense aos principios de imperio da norma, igualdade, tipicidade,  
2 proporcionalidade, irrectroactividade das disposicións, agás sexan favorables a persoa imputada,  
3 presunción de inocencia, dereito a un expediente contradictorio, dereito de audiencia nas fases de  
4 instrución e resolución, dereito a unha segunda instancia, prescripción dos ilícitos  
5 antiestatutarios e caducidade das accións.

## 6 **Artigo 35.**

7 As faltas poderán ser de tres graos: leves, graves ou moi graves.

8 Son faltas leves as condutas, que pola súa escasa repercusión, non causaran apenas danos ao  
9 Partido e a súa militancia, a xuízo dos órganos competentes.

10 Son faltas graves as condutas, anteriormente descritas, que si causaran danos ou prexuízos de  
11 consideración ao partido e a súa militancia, a xuízo dos órganos competentes.

12 Constitúen faltas moi graves a reiteración das graves e aquelas que causen danos e prexuízos  
13 irreversibles ou de extrema gravidade ao Partido e a súa militancia a xuízo dos órganos  
14 competentes.

15 As sancións que se poderán impoñer, en todos os casos de maneira motivada, serán:

- 16 - A amonestación, para faltas leves
- 17 - A destitución do cargo de dirección ou a inhabilitación para ser elixido para cargos  
18 de dirección ou representación por espazo de dous meses a dous anos, para as  
19 faltas graves.
- 20 - A suspensión temporal de militancia de tres meses a dous para as faltas graves e  
21 moi graves.
- 22 - A expulsión do Partido, de maneira exclusiva para as faltas moi graves
- 23 - As sancións imporanse atendendo á gravidade das infraccións que as motivan.

## 24 **Artigo 36. Comisión de Estatutos.**

25 Na resolución de conflitos e expedientes sancionadores poderá intervir a Comisión de Estatutos. A  
26 súa función consiste en elaborar informes ou ditames sobre a interpretación, integración ou  
27 acomodo das normas ou condutas, que presenten discrepancias. As decisións acordadas nos  
28 ditames non son vinculantes, mais deberán ser tidos en conta polos órganos competentes nas  
29 resolucións que adopten e na súa motivación. Os ditames se emiten a petición da afiliación,  
30 comisións paritarias ou órganos de dirección.

31 Os membros da Comisión de Estatutos non poden pertencer aos órganos de dirección do nivel  
32 correspondente. O seu número e integrantes os determina e elixe o Congreso Nacional.

## 33 **Título IX. A XCG**

### 34 **Artigo 37.**

- 35 1- A Xuventude Comunista Galega é o referente xuvenil do PCG e a federación da UJCE en  
36 Galicia.

- 1 2- A XCG ten como finalidade orientar e organizar á mocidade traballadora e estudante con  
2 arelas revolucionarias e democráticas. O PCG ten o deber de promover a XCG en todas as  
3 localidades onde non exista, así mesmo de apoiar o seu traballo cos medios axeitados.
- 4 3- A persoa Secretaria Política da XCG é membro do Comité Central e do Comité Executivo do  
5 PCG. A XCG participará en todos os niveis organizativos do Partido, de acordo coas normas  
6 establecidas polo Comité Central. Agás casos excepcionais non se permite a dobre  
7 militancia na XCG e no Partido.
- 8 4- A existencia da XCG non exime ao PCG da responsabilidade de asumir a problemática da  
9 mocidade traballadora e estudante.
- 10 5- As relacións entre o PCG e a XCG concretarase e fixarase mediante un protocolo ratificado  
11 polas súas respectivas direccións.

12

## 13 **Título X.- Esquerda Unida**

### 14 **Artigo 38.**

- 15 1- O PCG consonte a súa tradición unitaria e consciente da necesidade actual de manter ese  
16 esforzo a favor da unidade dos colectivos, forzas políticas, sociais, movementos e persoas  
17 progresistas, anticapitalistas e alternativas vai continuar a impulsar a participación  
18 organizada da súa militancia no movemento obreiro, nos movementos sociais e no  
19 proxecto unitario e plural da esquerda anticapitalista que é Esquerda Unida.
- 20 2- O PCG traballará por a facer de Esquerda Unida un movemento político e social. O PCG  
21 compromete o seu traballo no proceso de Refundación, no que participa dende os acordos  
22 das súas Conferencias e Congresos.
- 23 3- O PCG establece a súa relación con EU ao través do traballo persoal, individual e  
24 organizado da súa militancia, que achega o seu esforzo e actividade teórica, política,  
25 cultural e programática.
- 26 4- As decisións tomadas en EU vinculan á militancia comunista que deberá recoñecelas,  
27 difundilas, defendelas e aplicalas, sempre e cando estas non contradigan os principios,  
28 estatutos, estratexia, acordos congresuais e acordos do Comité Central.
- 29 5- A militancia contará en EU coa suficiente autonomía para exercer o seu traballo ou  
30 responsabilidade política dentro do respecto ás decisións adoptadas no Partido.
- 31 6- O PCG, no exercicio do principio de cohesión, non consentirá que a autonomía en EU da  
32 súa militancia sexa aproveitada para obstaculizar e no seu caso chegar a facer política  
33 antipartido e contra os ideais comunistas. As persoas militantes que incorran nestas  
34 prácticas serán responsables dunha falta tipificada nestes Estatutos como moi grave.
- 35 7- A cohesión do PCG en EU fráguese en torno dunha política, proxecto e órganos elixidos nos  
36 Congresos. Consonte o antedito, as e os comunistas trasladan a EU a política aprobada  
37 democraticamente e non se organizan como correntes de opinión en EU. O incumprimento  
38 deste parágrafo dará lugar a apertura dun expediente informativo.
- 39 8- As persoas militantes do PCG que sexan propostos polas súas correspondentes asembleas  
40 de EU, para función de cargo público ou para calquera órgano de dirección política de EU,  
41 contarán co asentemento e apoio expreso da dirección do Partido do nivel  
42 correspondente.
- 43 9- O ingreso no PCG supón o dereito e deber de adscribirse á organización correspondente de  
44 EU.



1            **DISPOSICIÓN FINAL**

2            Os presentes Estatutos do Partido Comunista de Galicia, aprobados no XIII Congreso  
3            entrarán en vigor a partir do día seguinte da clausura do mesmo.